



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

Facultade de Ciencias da Saúde

Grao en Terapia Ocupacional

Curso académico 2017-2018

TRABALLO DE FIN DE GRAO

**Perspectiva de xénero no desempeño
ocupacional das mulleres redeiras**

Jéssica Suárez Domínguez

Xuño 2018

DIRECTORAS

Dona Bárbara Mansilla Barreiro. *Profesora asociada da Facultade de Ciencias da Saúde. Universidade da Coruña*

Dona Inmaculada M. Fraga López. *Terapeuta Ocupacional*

RESUMO

Introdución: O sector pesqueiro representa en Galicia o 52% do emprego de toda España, converténdose na principal ocupación desta comunidade. Dentro das tarefas pesqueiras, a restauración e confección de redes para os barcos é unha actividade realizada ó longo da historia e actualmente é representado case na súa totalidade por mulleres, que se atopan nunha situación de invisibilidade e desvantaxe social en comparación a outros traballadores do mundo do mar. Existe pouca evidencia científica que estude como inflúen as labores do sector pesqueiro no desempeño ocupacional e na saúde destas traballadoras, polo que sería interesante realizar unha investigación da presente temática.

Obxectivos: O obxectivo xeral deste estudo é coñecer, dende unha perspectiva de xénero, como o traballo de redeira inflúe no desempeño ocupacional das mulleres.

Metodoloxía: Utilízase unha metodoloxía cualitativa desde o abordaxe da fenomenoloxía, recollendo os datos mediante unha entrevista semiestructurada e un caderno de campo. Participan no estudo 15 mulleres da costa galega.

Resultados: Desta investigación emerxen 5 categorías: “carga de traballo”, “desigualdade de xénero”, “saúde ocupacional”, “beneficios do asociacionismo” e “equilibrio ocupacional”

Discusións e conclusión: O traballo das redeiras é exclusivamente manual e nunha precaria situación, o cal lles repercute na saúde, pero tamén nas ocupacións diarias. Esta labor tamén sofre intrusismo e non é recoñecida ante a sociedade e a lei. A Terapia Ocupacional pode contribuír mediante a visión ocupacional para mellorar esta situación de inxustiza.

Palabras clave: *Terapia Ocupacional, Muller, Redeiras, Sector Pesqueiro, Desempeño Ocupacional, Saúde, Desigualdade*

Tipo de traballo: Traballo de investigación

RESUMEN

Introducción: El sector pesquero representa en Galicia el 52% del empleo de toda España, convirtiéndose en la principal ocupación de esta comunidad. Dentro de las tareas pesqueras, la restauración y la confección de redes para los barcos es una actividad realizada a lo largo de la historia y actualmente es representando casi en su totalidad por mujeres, que se encuentran en una situación de invisibilidad y desventaja social en comparación a otros trabajadores del mundo del mar. Existe poca evidencia científica que estudie como influyen las labores del sector pesquero en el desempeño ocupacional y en la salud de estas trabajadoras, por lo que sería interesante realizar una investigación de la presente temática.

Objetivos: El objetivo general de este estudio es conocer, desde una perspectiva de género, como el trabajo de redera influye en el desempeño ocupacional de las mujeres.

Metodología: Se utiliza una metodología cualitativa desde el abordaje de la fenomenología, recogiendo los datos mediante una entrevista semiestructurada y un cuaderno de campo. Participan en el estudio 15 mujeres de la costa gallega.

Resultados: De esta investigación emergen 5 categorías: “carga de trabajo”, “desigualdad de género”, “salud ocupacional”, “beneficios del asociacionismo” y “equilibrio ocupacional”

Discusión y conclusión: El trabajo de las rederas es exclusivamente manual y en una precaria situación, lo cual les repercute en la salud, pero también en las ocupaciones diarias. Esta labor también sufre intrusismo y no es reconocida ante la sociedad y la ley. La Terapia Ocupacional puede contribuir mediante la visión ocupacional para mejorar esta situación de injusticia

Palabras clave: *Terapia Ocupacional, Mujer, Rederas, Sector Pesquero, Desempeño Ocupacional, Salud, Desigualdad*

Tipo de trabajo: Trabajo de investigación

ABSTRACT

Introduction: The fishing sector represents 52% of employment Galicia of all Spain, becoming the main occupational of this community. Within the fishing task, the restoration and making net for boats is an activity carried out throughout history and it's represented almost entirely women, who are in a situation of invisibility and social disadvantage in comparison to other workers in the world of the sea. There is little science evidence that studies how the fishing sector's task influences on the occupational performance and health of these workers, so this is an interesting investigation of the present topic.

Objectives: The overall objective of this study is to know, from a gender perspective, how redera's work influences occupational performance of women.

Methodology: A quality methodology is used from the approach of phenomenology, collecting data through semi-structured interview and a field notebook. Fifteen women from de Galician coast participated in the study.

Results: From this research emerged five categories: "workload", "gender inequality", "occupational health", "benefits of associationism" and "occupational balance"

Discussion e conclusion: The work of net-marker is exclusively manual and in a precarious situation, therefore it affects their health, but also in the daily occupations. This labour also suffers intrusion and it not recognized for society and the law. Occupational Therapy can contribute through the occupational vision to improve this situation of injustice.

Keywords: *Occupational Therapy, Woman, Net-marker, Fishing Sector, Occupational Performance, Health, Inequality*

Type of work: Research work

ÍNDICE

1. INTRODUCCIÓN	10
1.1 O sector pesqueiro	10
1.2 Redeiras: traballo artesá do sector pesqueiro	11
1.3 O rol da muller no sector mariñeiro.....	14
1.4 O xénero e a Terapia Ocupacional	16
1.5 Terapia Ocupacional como promotora de saúde	17
2. OBXECTIVOS	20
3. METODOLOXÍA	21
3.1 Ámbito de estudo	21
3.2 Poboación de estudo	21
3.3 Entrada no campo	22
3.4 Selección de participantes	23
3.5 Características dos informantes	24
3.6 Temporalización	24
3.7 Técnicas de recollida de información.....	25
3.8 Análise da información.....	26
3.9 Postura da investigadora	26
3.10 Consideracións éticas.....	27
4 RESULTADOS	28
4.1 Carga de traballo	28
4.1.1 Redeira: unha labor artesá.....	29
4.1.2 Horario laboral.....	30
4.1.3 Espazo de traballo.....	32
4.1.4 Intrusismo laboral	32
4.2 Desigualdades de xénero	33

4.3	Saúde ocupacional	36
4.4	Beneficios do asociacionismo.....	41
4.4.1	Invisibilidade na sociedade	42
4.4.2	“A unión fai a forza”	43
4.4.3	Pequenos avances cara o recoñecemento	44
4.5	Equilibrio ocupacional.....	48
5	CONCLUSIÓNS E DISCUSIÓN	50
5.1.	O traballo como medio de subsistencia: precario e desigual	50
5.2.	Asociacionismo como forma de cambio.....	52
5.3.	Terapia Ocupacional, saúde ocupacional	56
6	AGRADECEMENTOS	63
7	BIBLIOGRAFÍA REFERENCIADA	64
8	APÉNDICES	77
8.1	Apéndice I: Listaxe de abreviaturas.....	77
8.2	Apéndice 2.....	78
8.3	Apéndice 3.....	81
8.4	Apéndice 4.....	82

ÍNDICE DE FIGURAS

Figura 1: Mapa de Galicia. Fonte: elaboración propia, rescatado de Google Maps	22
--	----

ÍNDICE DE TÁBOAS

Táboa I: Criterios de inclusión e de exclusión	23
--	----

1. INTRODUCCIÓN

1.1 O sector pesqueiro

O sector pesqueiro representa en Galicia o 52% do total do emprego en España (1), con un total de 13914 traballadores (incluíndo a pesca de baixura e de altura), por diante de Asturias, con 1055, Cantabria, con 863, e País Vasco, con 2348 (2). Por isto, é considerado un determinante do emprego galego, tanto no ámbito artesá como industrial e localízase no quinto posto en canto a produción económica (1).

Para coñecer o que representa este sector a nivel galego é importante aportar o número total de buques pesqueiros, rexistrado no ano 2017: 4419 (3), sendo na súa gran maioría pesca de caladoiro nacional (4251 buques) (4). Cando se fala da pesca é preciso facer mención os diferentes tipos, en xeral distínguese entre pesca de baixura, de litoral ou de altura. En primeiro lugar, enténdese por pesca de baixura aquelas embarcacións, xeralmente familiares, nas que o ámbito de actuación son as rías galegas ou as zonas do mar cerca do porto e que realizan o seu traballo nun mesmo día. Pola contra, a pesca do litoral é levada a cabo por aqueles armadores que teñen na súa propiedade varias embarcación de maior tamaño, polo que precisan ter tripulación asalariada. Por último, existe a pesca de altura, que conta con ata 20 persoas asalariadas que desenvolven o seu traballo durante días (1). Todas estas embarcacións non inclúen solo a actividade no mar, senón que require moito máis. O traballo realizado polos buques pesqueiros non é eficaz se detrás disto non hai un traballo de confección e reparación do material de traballo, conformado principalmente por redes elaboradas por redeiras, así como o propio mantemento e reparación dos buques. Por outra banda, é esencial a actividade de descarga, limpeza, empaquetado, preparación e compra e venda do produto (2).

A pesca artesá foi sempre representada como unha actividade tradicional dentro do núcleo familiar. Foron as xeracións máis vellas as que transmitiron os saberes do traballo ós seus descendentes. A mediados do

século XVIII Galicia foi a primeira rexión en dedicarse á pesca, pero non foi ata a chegada dos buques cataláns no século XIX cando se incrementou de gran maneira a captura e o comercio dos produtos do mar. Isto levou á introducir novas técnicas de traballo, a mellorar as redes e instaurar unha nova organización da actividade (5).

Debido ó medio no que se acostuma a facer este traballo (tanto desde o seu inicio na confección e reparación de redes, como na pesca polas augas galegas dentro dun barco) todas as persoas que participan teñen riscos que ocasionan enfermidades profesionais. Neste sector son causadas por axentes físicos (como son as posturas ó reparar e confeccionar redes ou o pescar ou carrexar coas caixa de toneladas de peixe; o ruído da maquinaria producida por grandes buques; os movementos repetitivos, etc.), axentes biolóxicos (exposición á luz solar, manipulación de produtos nun medio húmido), etc. De feito, a Organización Internacional do Traballo (OIT)¹ considera a pesca como un dos empregos máis perigosos, debido as condicións tanto temporais como espaciais, que producen un alto índice de accidentes mortais (2)

Un estudo realizado dende o *Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación* pon de manifesto que entre os anos 1880 e 1936 houbo un gran impacto económico no sector pesqueiro, crecendo en gran medida o seu produto. Ademais, incorpora que isto se prolongou ata a década dos anos 70, cando a “*nosa flota pesqueira era a terceira do mundo en tonelaxe*” (6, p.22). Esta demanda levou consigo unha necesidade de creación de máis buques pesqueiros, máis creación de aparellos, máis traballadores no sector e unha continua reparación das redes.

1.2 Redeiras: traballo artesá do sector pesqueiro

Para comezar con este apartado é necesario describir que se entende por redeira. Este oficio baséase na “*confección e montaxe de artes*”

¹ As abreviaturas atópanse no apartado 8.1, Apéndice I : Listaxe de Abreviaturas

e aparellos de pesca, a súa reparación e o mantemento segundo os plans e/ou procedementos tradicionais” (7, p.15). Ó falar de redeira é importante diferenciar as diferentes artes existentes e que difiren no seu modo de traballar (8)

- O cerco é aquela rede de forma rectangular que presenta flotadores e que se mantén verticalmente grazas a pesos de 2.000 kg. Deben ser reparadas no propio barco ou no porto debido o gran peso.
- O arrastre é aquela rede de gran tamaño que acostuma a ser remolcada por dous barcos.
- O palangre é unha rede que está constituída por unha malla principal, na que se unen cabos máis finos.
- O enmalle (artes menores) é aquela rede que está colocada de forma vertical, leva panos de rede e presenta unha tralla con flotadores na parte superior. Este inclúe:
 - o Os rascos, volantas, as betas, raeira, miños etc, que son redes máis pequenas, fáciles de desprazar e que, a diferencia das anteriores, pódense traballar en naves, no propio fogar ou no porto.

A gran maioría das redeiras traballan con artes menores (o 75% delas), aínda que é común que unha soa muller non se dedique de forma exclusiva a unha só aparello. Da mesma forma, o traballo que realizan estas cambiará de lugar dependendo do tipo de rede. As que traballan con cerco, por exemplo, repáranas no propio barco ou no porto, debido o gran peso. En cambio, as que traballan con artes menores e palangre poden reparalas en naves, no propio domicilio ou no porto (8).

Por outra banda, a tarefa de redeira considerase que ten moita historia pasada *“tradicional, manual e altamente cualificada”* (8, p.12; 9, p.2) que xa ven levándose a cabo no século pasado polos propios mariñeiros dos barcos (9). É por isto que o traballo de redeira non é considerado oficial ata o ano 1970, grazas o Decreto 1867/1970, polo que se aproba o

Regulamento Xeral da Lei 116/1969, de 30 de decembro, pola que se regula el Réxime Especial da Seguridade Social dos Traballadores do Mar (10). Esta inclúe un apartado no cal recoñece que toda persoa redeira/o que non realice tarefas por conta dunha empresa pesqueira serán considerados traballadores autónomos, aínda que se agrupen con outros, sempre cando non sexan máis de catro traballadores (11). Así mesmo, non é ata o ano 2007 coa lei 2/2207, de 28 de marzo, do Traballo en Igualdade das Mulleres de Galicia cando se recoñece a visualización e a valorización das actividades desempeñadas por mulleres, en relación a aquelas actividades non remuneradas ou sen recoñecemento profesional, entre as que se inclúen as redeiras (12).

A pesar de que no pasado o traballo que inclúe a reparación de redes era realizado polos propios mariñeiros unha vez terminada a faena do día (9), na actualidade é considerada un oficio. É dicir, unha “*actividade que se desempeña de modo artesá por traballadoras autónomas*” (7, p.15), na súa gran maioría por mulleres, un 89% segundo o REM (Réxime Especial de Traballadores do mar) no ano 2010 (8).

Por outra banda, un estudo de saúde laboral realizado polo ISSGA (Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral) afirma que en Galicia existen un total de 711 persoas traballando como redeiras, dentro dun total de 883 en toda España, sendo un 99% formado por mulleres (7,9). Con este dato observase a importancia deste sector na costa galega e que, ademais, é un traballo case exclusivo de mulleres.

Como ben se dixo anteriormente, o traballo no mar forma parte da tradición da costa galega. Mentres que o mar foi considerado dominio dos homes, as actividades pesqueiras executadas na terra relacionáronse coa actividade feminina (5), entre elas a confección e a reparación das redes. Esta labor comezou con aquelas familias que repartían o traballo entre a reparación das redes en terra e a pesca con estas en alta mar. Unido o que se mencionou anteriormente de que se produciu un gran impacto no sector na década de 1970 (5,6) e que esta demanda leva unha maior produción,

tamén é considerable a crecente necesidade de que outras persoas, alleas ou non o sector, se dedicasen a labor de redeira. Observase a partir deste intre un cambio no sector, pasando da fabricación familiar (mulleres do fogar que reparaban as redes para o barco familiar) á necesidade de que sexa un traballo remunerado e complementario a outros que se realicen no mesmo sector (5). Esta crecente necesidade leva a formación de pequenas asociacións que garantiran a labor e a visibilidade destas traballadoras (9).

Tras estas pequenas asociacións, naceu a Federación Galega de Redeiras Artesás “O Peirao” (FEGRA) pola preocupación que teñen un grupo de redeiras galegas ante a situación na que viven de desigualdade, invisibilidade e non recoñecemento (9,13). Foi no ano 2002 o primeiro contacto da Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos con redeiras de diferentes lugares de Galicia, onde nace esta intención de asociacionismo e dan lugar no ano 2004 a creación da Federación. O obxectivo que se estima dende a federación é de dignificar a profesión e dar a oportunidade de ser visibles na sociedade. Actualmente, confórmana sete asociacións, é dicir, un total de 123 asociadas (13). Se comparamos coa totalidade de redeiras que hai en toda Galicia non falamos nin dunha cuarta parte que loita polos seus dereitos.

1.3 O rol da muller no sector mariñeiro

O sector mariñeiro foi representado, tradicionalmente, como unha actividade de extracción vinculada, de forma restritiva, a homes (14). Porén, as mulleres quedan arraigadas a un segundo plano, considerando que o seu traballo está ligado a actividades desempeñadas en terra e sen recoñecemento ante a sociedade (15). Por todo isto, observase unha división moi marcada no ámbito de traballo, nas actividades que levan a cabo e nos roles que manteñen (16).

A realidade é que as mulleres cumpren un papel importante neste sector do mar, tanto de forma persoal como profesional, como é a través da pesca, marisqueo, procesamento e comercialización do peixe,

confección e reparación de redes, administración e xestión de empresas pesqueiras (16). A relación que manteñen de forma tradicional as mulleres con esta actividade pesqueira leva a que adquira unha importancia tanto social como economicamente. Ademais, coñécese que son as mulleres as que participan en todo o proceso produtivo, xa que manteñen os roles de “*traballadoras conserveiras, pescadoras, transportistas de peixe, armadoras, redeiras, percebeiras, etc.*” (16, p.3).

Todo isto vai unido a implicación e motivación que teñen para crear asociacións, cuxo obxectivo son a mobilización, reivindicación e eliminación dos estereotipos e procura de recoñecemento profesional polos traballos que realizan. (16). A maiores de esta actividade profesional as mulleres desempeñan tarefas como “*o coidado do fogar ou a xestión de traballo dos homes no mar*” (17, p.2). Por isto, considerase que a complementariedade de actividades provoca unha repercusión negativa na saúde e na calidade de vida destas persoas (18).

Debido a gran desigualdade de xénero que se observa neste sector, inténtase encontrar un tratamento tanto xurídico como social que garante a igualdade de mulleres e homes neste traballo. Desta forma a discriminación que se produce a través da tradición sería erradicada. Na actualidade existe un Fondo Europeo de Pesca (FEP), vixente no período 2007-2013, que pretende dar voz a esa necesidade de incorporación da muller nas iniciativas, así como buscar a igualdade de oportunidades entre ambos sexos e, desta forma, eliminar desigualdades existentes (16).

Unha das razóns desta gran desigualdade é a falta de información correcta sobre a participación e a representación feminina neste sector. Isto pode ser debido a que a definición de produción (PIB) “*ignora a produción orixinada polo traballo das mulleres*”(17). No que se refire o tema deste traballo de investigación, as redeiras, non se coñece cal é o número exacto de persoas que traballan disto, non aparecen citadas en ningún rexistro, a non ser a través de outros estudos realizados, como pode ser un estudo de saúde laboral realizado dende o ISSGA (7).

1.4 O xénero e a Terapia Ocupacional

A distinción e separación de homes e mulleres no seu traballo foi o elemento fundamental para que, socialmente, se recoñecese esa diferenciación e, polo tanto, levase a discriminación e segregación entre homes e mulleres. Isto crese que tivo que ver cos estereotipos que existen na sociedade. A día de hoxe séguese vendo a muller nun posto por debaixo do home, menos valorada, subordinada, dominada e dependente(19). Dolores Juliano (20) expuxo que a razón pola que se mantén esa subordinación da muller ante o home é a socialización e que a difusión dos estereotipos é tamén debido a mesma (medios de comunicación, escola, familia, etc.). Así mesmo, Marta Flores e Carmen Juárez no seu proxecto de investigación poñen de manifesto que a actividade laboral que realizan as mulleres forma parte dunha prolongación das tarefas que levan a cabo no fogar. Isto leva consigo un menosprezo por parte da sociedade, con respecto o traballo que realizan os homes. Así mesmo tamén expoñen que os seres humanos realizamos actividades de tempo libre e estas son diferentes en canto ó xénero. Elas definen o concepto de tempo libre como *“momento no que o/a traballador/a ten ó marxe do seu tempo de produción, de alimentación e de sono”* (20, p.108). Esta consideración de que o traballo da muller é entendido como unha prolongación das tarefas domésticas, invisible e desvalorizado, foi tamén expresado por Maneschy M.C. e Miranda M.L [citado en 21]. Para as mulleres este tempo ven ocupado por tarefas domésticas, polo que é un momento do día restrinxido e influenciado pola sociedade (21). Na vida adulta os valores persoais céntranse en aquelas actividades instrumentais e materiais, como é o traballo e ganarse unha vida satisfactoria (23). Da mesma forma Alma Fernández Hasan (24) coincide co expresado anteriormente dicindo que as mulleres, seguindo un patrón tradicional, viven no seu ámbito laboral baixo a organización dunha familia.

A pesar de todo isto recoñecese que nestes últimos 25 anos se están producindo cambios nos estereotipos entre homes e mulleres. Isto foi grazas á incorporación das mulleres en espazos públicos ata agora

considerados pola sociedade ligados ós homes. Aínda que isto poida ser un avance vese que a participación é desigual, na que sempre se teñen que superar obstáculos (19).

Moitos estudos aluden que as mulleres sofren unha sobrecarga de roles que son difíciles de compaxinar (19,25). A pesar de que as mulleres se foron igualando na sociedade por formar parte de espazos sociais, aínda existe unha gran desigualdade. A muller ten que compaxinar este rol na sociedade, coas tarefas domésticas e co coidado doutros (fillos, na maioría dos casos), polo que se observa un maior estrés e unha repercusión na saúde (25). A pesar de todo isto, o rol de traballadora proporciona unha independencia económica e é unha forma de establecer relacións sociais satisfactorias. Así mesmo permite ter un “*sentido do control sobre a propia vida*” (18, p.106).

1.5 Terapia Ocupacional como promotora de saúde

A Federación Mundial de Terapeutas Ocupacionais (WFOT) definiu no ano 2004 a Terapia Ocupacional como a “*profesión que se ocupa da promoción da saúde e do benestar a través da ocupación*”, sendo o principal obxectivo “*capacitar ás persoas para participar nas actividades da vida diaria, mediante a habilitación dos individuos ou a modificación do entorno*” (24, p.1). Desta forma, unha das crenzas da disciplina é a visión das persoas como seres ocupacionais, é dicir, a necesidade de comprometerse con ocupacións que se necesite, crecer ó tempo que se fan e experimentar independencia, seguridade, saúde e benestar. (27). Dito isto, o traballo considerase unha das grandes áreas do desempeño ocupacional das persoas (27). O traballo é definido como unha actividade de supervivencia dun mesmo e da súa familia, pero tamén outorga significado, sentido de pertenza e valor na vida das persoas, ademais de definir a vida cotiá e permitir interaccións sociais (28). Existe a crenza de que as persoas ó longo da súa vida modifican as súas ocupacións máis

significativas, sendo na infancia ó xogo ó máis importante, pasando na vida adulta polo traballo e no final da súa vida con actividades non laborais (29).

Como se mencionou con anterioridade, a Terapia Ocupacional é promotora de saúde, polo que a acción está en *“reducir as diferencias no estado actual da saúde e asegurar a igualdade de oportunidades e proporcionar os medios que permitan a toda a poboación desenvolver ó máximo a súa saúde potencial”* (30). Desta forma, a saúde foi definida en 1946 pola Organización Mundial da Saúde (OMS) como *“un estado de completo benestar físico, mental e social, e non solo a ausencia de afeccións ou enfermidades”*(31). Ademais, a saúde é un dereito que aparece recollido no artigo 25 da Declaración Mundial dos Dereitos Humanos (DDHH), onde se recoñece que *“toda persoa ten dereito a un nivel de vida adecuado que lle asegure, así como a súa familia, a saúde e o benestar, e en especial a alimentación, o vestido, a vivenda...”* (32)

Tendo en conta todo isto é doado observar que o traballo realizado polas redeiras é unha profesión remunerada na vida das persoas galegas. Entón debe considerarse como a ocupación principal nas súas vidas, polo que debe ser protexido e garantir a satisfacción tanto persoal como profesional. Ademais, o traballo remunerado debe asegurar unha boa saúde e calidade de vida, así como o resto das ocupacións do día a día. Como se expresou con anterioridade, o traballo de redeira non só é un traballo remunerado entre todos os que se poden desempeñar, senón que, dentro do sector pesqueiro, ten un valor especial para a cultura no territorio galego (5). Dende Terapia Ocupacional é importante recoñecer a diversidade da cultura e buscase intervir tendo en conta as ocupacións culturalmente significativas (33).

Considerando todo o expresado ata o momento, así como o papel da Terapia Ocupacional, é importante manter unha visión crítica, pretendendo loitar pola dignidade das persoas e aspirando a ser capaces de mellorar a realidade existente. Esta perspectiva ten como proposta que as persoas e, en concreto os terapeutas ocupacionais, sexan conscientes

da realidade na que se vive, porque so así se poderán adaptar os cambios sociais. Por isto, os profesionais deben intervir dende a xustiza social e abarcar problemáticas como son o paro ou a precariedade laboral (34).

Aínda que se atopan un gran variedade de artigos sobre a Terapia Ocupacional no sector pesqueiro e unha gran cantidade de estudos relacionados con este sector, dende diferentes disciplinas, pero que inclúen a saúde desas persoas, non se atopa ningún relacionado co traballo de redeira. Pódese encontrar un artigo que pretende coñecer as narrativas dos traballadores da pesca comercial, en relación á ese posto de traballo que condiciona o resto da súas ocupacións (35). Tamén, estudos como os citados con anterioridade e proxectos e traballos de investigación realizados como traballos de fin de grado, como pode ser un no que se pretende coñecer cales son os roles que desempeñan as mulleres dentro dun entorno mariñeiro, tanto na vida laboral como profesional (36). Tamén hai outro que pretende aproximarse á actividade artesá das mariscadoras a pé, coñecendo a percepción da súa ocupación laboral en relación co seu benestar (37). Por último, existe un no que se pretende dar voz as mulleres que realizaron actividades profesionais dentro do sector pesqueiro, entre as que se encontran as redeiras (38). Tendo en conta isto recoñécese importante facer visible o traballo de redeiras, dando voz o que elas viven cada día, e coñecer como esta labor interfere nas demais ocupacións do día a día e na saúde.

2. OBXECTIVOS

O obxectivo xeral do presente estudo é coñecer, dende unha perspectiva de xénero, como o traballo de redeira inflúe no desempeño ocupacional das mulleres.

De maneira máis específica, preséntase os seguintes obxectivos:

- Coñecer se o traballo de redeira repercute no seu desempeño ocupacional.
- Coñecer as vivencias das persoas que traballan na actividade artesá de redeira.
- Explorar as barreiras e facilitadores que actúan sobre o desempeño ocupacional das persoas redeiras.
- Permitir abrir novas e futuras liñas de investigación da Terapia Ocupacional.

3. METODOLOXÍA

A investigación que se realiza enfócase dende unha metodoloxía cualitativa, con un enfoque fenomenolóxico. En primeiro lugar, elíxese unha metodoloxía cualitativa porque permite comprender unha realidade dunhas persoas, en base as súas experiencias, accións e interaccións e a forma na que estas se relacionan co contexto no que se atopan (39,40). Este tipo de metodoloxía utiliza un proceso interpretativo máis persoal con motivo de comprender a realidade das persoas (41). Esta metodoloxía cumpre coa necesidade de producir coñecemento derivado do contacto directo coas persoas involucradas na investigación e cos escenarios onde ten lugar a *“producción de significados sociais, culturais e persoas para poder descubrir os conflitos, as diverxencias e consensos, as irregularidades e regularidades e as diferenzas e homoxeneidades”* (40, p.50).

Por outra banda, este enfoque fenomenolóxico *“dirixe ó estudo da experiencia vivida respecto a unha circunstancia polo propio protagonista da experiencia e busca describir os fenómenos experimentados polos individuos a través do análise das súas descrições.”* (41, p.99)

3.1 Ámbito de estudo

O ámbito no que se realiza este traballo de investigación é a Comunidade Autónoma de Galicia, máis concretamente, as zonas de costa nas que se realiza a actividade de redeira,

3.2 Poboación de estudo

A poboación que se ten en conta para a realización do seguinte traballo de investigación son as mulleres que pertencen a FEGRA. Esta federación, como ben se dixo con anterioridade, fórmase a partir de 7 asociacións de toda a costa galega, con un total de 122 persoas redeiras.

Entre as asociacións que se atopan dentro da FEGRA están: a Asociación de redeiras de Cedeira (con 8 socias), a Asociación de redeiras de Cariño (con 19 socias), a Asociación Profesional de redeiras “O Feital de Malpica” (con 26 socias), a Asociación de redeiras “Illa de Estrela de Corme” (con 17 socias), a Asociación de porto do son (con 22 socias), a Asociación Profesional de redeiras “O Cerco de Cangas” (con 23 socias) e a Asociación de redeiras do Baixo Miño Atalaia (con 7 socias). Cada unha destas están sinaladas no seguinte mapa (*Figura 1*):



Figura 1: Mapa de Galicia. Fonte: elaboración propia, rescatado de Google Maps

3.3 Entrada no campo

A entrada no campo de estudo realizouse a través do contacto coa presidenta da FEGRA. Este contacto foi mediante unha chamada telefónica e un documento escrito que ofrecía información preliminar sobre a investigación que se levaría a cabo. Unha vez aceptada a participación por

parte da presidenta da federación, contactouse con cada unha das presidentas das respectivas asociacións que forman parte da mesma. Máis a diante ofréceselle a cada unha das participantes no estudo, antes de comezar a entrevista, a seguinte documentación: unha “Folla de información á participante” (Apéndice 2) e un “Consentimento informado” (Apéndice 3).

3.4 Selección de participantes

Para levar a cabo a selección de participantes, realizouse unha mostraxe intencional de tipo opinático ou en bola de neve (41). Isto quere dicir que as participantes non se elixiron ó azar, senón que forman parte do estudo porque se escolleron de forma premeditada, mediante un criterio estratéxico, porque se consideran as máis idóneas polo coñecemento que teñen da situación ou do problema a que se investiga. (41)

Por outra parte, para levar a cabo a selección de participantes tivéronse en conta uns criterios de inclusión e exclusión, que se representa na seguinte táboa (Táboa I):

Táboa I: Criterios de inclusión e de exclusión

CRITERIOS DE INCLUSIÓN	CRITERIOS DE EXCLUSIÓN
<ul style="list-style-type: none">• Mulleres maiores de idade (entre 18 e 65 anos) que realicen a labor de redeiras• Formar parte da FEGRA e, polo tanto, dunha das sete asociacións que a conforma• Ter o título oficial de redeira e traballar no sector.• Traballar na xestión ou noutro posto relacionado coa labor de redeira	<ul style="list-style-type: none">• Non realizar actividades de redeira na actualidade• Ser traballadora por conta propia e que non forme parte de FEGRA.

3.5 Características dos informantes

A continuación, expóñense os diferentes perfís das 15 mulleres que participaron neste estudo

A media de idade entre elas era de 50,6 anos, onde a maior tiña unha idade de 61 anos e a menor de 36 anos. As participantes neste estudo realizan a labor de redeira neste momento das súas vidas e forma parte do seu rol como traballadora. Ademais, a gran parte delas pertencen a familias relacionadas co sector pesqueiro. A media de anos traballando como redeiras foi de 18 anos, sendo a que máis leva 40 anos e a que menos 7. Así mesmo, é importante mencionar que unha das entrevistadas, ademais de realizar a labor de redeira ten un rol na xestión da Federación.

Para asegurar a confidencialidade das participantes, estableceuse un código a cada unha delas que soamente a investigadora recoñecese. Dito código componse da letra maiúscula E, que se refire a “entrevistada”, seguido dun número, o cal corresponde ó número de entrevista realizada, é dicir: E1 correspondese á primeira muller entrevistada, E2 á segunda, así sucesivamente hasta chegar á número 15.

3.6 Temporalización

O estudo de investigación tivo lugar nun período de tempo comprendido entre outubro de 2017 e maio de 2018, o cal se detalla a continuación

En primeiro lugar, realizouse unha busca bibliográfica en diferentes bases de datos. Primouse a consulta de material relacionado coas redeiras e co seu papel no sector pesqueiro en Google Académico, xa que é o sitio web onde máis información se obtén ó respecto. Isto débese a que non hai revisións bibliográficas nin estudos científicos relacionados con esta labor. Así mesmo, fíxose uso do catálogo da biblioteca da Universidade da Coruña (UDC).

Para a busca en bases de datos utilizáronse os termos “*fishing*”, “*gender*”, “*occupation*” e “*occupational therapy*”, que se combinaron co operador booleano “*AND*”. As bases de datos utilizadas foron Scopus, Web of Science e Medline.

Unha vez feita a revisión bibliográfica e recompilada a información que se coñece sobre o tema de estudo, entrouse no campo no mes de novembro contactando coa presidenta da FEGRA, a través do seu correo electrónico e o número de teléfono. No mes de marzo a investigadora asistiu como oínte a unha das reunións anuais que se celebran para toda a Federación. Este foi o lugar onde se entrou en contacto con cada unha das asociacións para dar a coñecer o estudo e negociar unha hora e un lugar para realizar as entrevistas para dito estudo.

Despois de realizar o guiión da entrevista (Apéndice 2), a folia de información a participantes (Apéndice 3) e o consentimento informado (Apéndice 4), púxose en marcha as entrevistas. Estas executáronse ó longo do mes de Abril, en días alternos, segundo as posibilidades das protagonistas. Ademais, encadeouse a realización das entrevistas coa transcripción das mesmas.

Unha vez transcritas, realizouse a categorización e comezouse coa redacción dos resultados, discusión e conclusión do estudo.

3.7 Técnicas de recollida de información

A recollida da información para este estudo realizouse mediante unha entrevista semiestructurada que se utilizou con cada unha das participantes de forma individual. Comezouse con uns datos de filiación, os cales solo forman parte do coñecemento da investigadora, para continuar con un total de seis preguntas (*Apéndice IV*).

Por outro lado, para á entrada no campo de estudo utilizouse un “caderno de campo”, que permite rexistrar a información relevante de forma continuada. O caderno de campo “*é un rexistro anecdótico continuo e*

acumulativo de todo o contido durante a investigación” (40, p.67). Xunto con este caderno faise uso da observación participante, xa que “realiza a súa tarefa dende dentro das realidades humanas que pretende abordar e que comeza con un problema xeral, para máis tarde definir uns escenarios específicos de análise” (40, p.67).

Outro material que se utilizou foi unha gravadora.

3.8 Análise da información

Toda a información obtida pola investigadora durante o traballo de campo foi almacenada no ordenador persoal, levando como título do documento a clave de cada unha das entrevistadas (E1, E2, E3...). Desta forma preténdese garantir a confidencialidade e anonimato de cada unha das participantes.

Comezouse con transcripción das entrevistas a medida que se ían realizando, as cales foron gravadas con anterioridade. De seguido, realizouse unha lectura superficial e profunda para comprender a información obtida e comezouse a establecer palabras clave en diferentes parágrafos das transcrisións. Este proceso realizouse coa información impresa, anotando a man e, de novo, transcribindo a ordenador. Con unha nova lectura estableceuse unha primeira proba de categorías, as cales foron renomeadas hasta conseguir as actuais.

3.9 Postura da investigadora

A motivación para a realización deste traballo de investigación xorde dun interese persoal pola proximidade que ten a investigadora cara este colectivo, as mulleres redeiras. Tamén foi derivado do pouco coñecemento que existe desta labor fora do entorno mariñeiro e dos cambios percibidos ó longo dos últimos anos, dende unha posición de observadora. Debido a isto propónse coñecer e comprender que ocorre con esta labor na saúde e no desempeño ocupacional, así como dar voz a estas mulleres. Polo tanto,

a investigadora recoñece manter unha postura externa ó fenómeno estudado, con unha mirada da disciplina desde unha perspectiva crítica (34).

3.10 Consideracións éticas

Neste traballo de investigación tivéronse en conta unha serie de consideracións éticas.

En primeiro lugar a cada unha das persoas que formaron parte do estudo ofrecéuselle unha folla de información á participante, que pretende responder a unha serie de preguntas sobre o que se vai a realizar coas persoas, que finalidade ten o estudo e que a información será anónima (*Apéndice 1*). Isto é importante ter en conta xa que a persoa que forme parte do estudo ten dereito a coñecer que é o que se vai a facer con ela e porque se precisa da súa colaboración. Despois disto, cada persoa firma un consentimento informado (*Apéndice 2*) que permite obter por escrito que a persoa está de acordo con todo o que se vai a facer con ela. De esta forma se garante que se poida gravar as conversacións, durante as entrevistas que se realizan.

Por outra parte, tense en conta a Lei Orgánica 15/1999, de forma que se garante e se protexe os datos persoais, as liberdades públicas e os dereitos fundamentais das persoas (44). Ademais, tívose en conta para o tratamento, a comunicación e a cesión destes datos o Regulamento Xeral de Protección de datos (Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016 (45).

4 RESULTADOS

Trala análise das entrevistas, emerxen dos discursos das participantes unha serie de categorías de significado que tratan de explicar o fenómeno obxecto de estudo: a perspectiva de xénero do desempeño ocupacional das mulleres redeiras. Ditas categorías son: “carga de traballo”, “desigualdades de xénero”, “saúde ocupacional”, “beneficios do asociacionismo” e “equilibrio ocupacional”. A súa vez, as categorías fundaméntanse nos “verbatimims” que transmitiron as participantes, acompañados dos códigos correspondentes a cada unha de elas.

4.1 Carga de traballo

Esta categoría fai referencia o que as protagonistas refiren ó describir como é un día de traballo como redeira. A súa vez, está conformada por diferentes subcategorías, que permite ter unha visión máis clara de como é a labor de redeira dependendo do tipo de arte que traballan, espazo onde o desenvolven, horario laboral e, tamén, intrusismo laboral que recoñecen sufrir.

En xeral reflexouse, a través dos discursos das participantes, que pouco cambiou ó longo do tempo, segue sendo un oficio artesá, con moi pouca axuda externa, é dicir, que todo o proceso de traballo o fai cada unha delas manualmente:

A primeira entrevistada leva máis de 20 anos traballando como redeira e reflexa que *“a man de obra é a mesma, a man é a mesma (...) o traballo que tes que facer é manualmente, non hai maquinarias.”* seguido disto comenta *“eu, sinceramente, penso que está no mesmo sitio de sempre”*. Pola contra, outras comentan que, a pesar de non avanzarse na forma do traballo, si puideron observar cambios ó longo dos anos:

E2: “eu a vantaxe que lle vexo é que agora hai máis naves para traballar, a diferenza vamos, que tes outro....non anda a xente tan, no

aspecto do cerco, por exemplo, non andas tan mollada, que estas un pouquiño máis...hai outras roupas, hai outra maneira de traballar, pero...tes que facer o mesmo.”

E4: “evolucionou, eu creo que si...era peor antes eh, cando aínda...cando empecei eu aquí había que cargar os camións á man, agora cárganolos, o que ven...os que traen o aparello, o que o levan, si evolucionou. A forma de traballar é a mesma, pero do resto...”

E6 leva media vida traballando como redeira e reflexa no seu discurso aqueles aspectos negativos do traballo actual: *“en cousas avanzou, en outras mmm...foi para atrás porque eu cando empecei a traballar traballaba as mesmas horas que agora, estaba...cobraba ó día, tiña oito horas ó día, pagábanme o día tanto, facía o mesmo traballo, pero en cambio, non tiña que encher as agullas, que xa mas daban feitas e saía de alí as...con oito horas íame para casa sen traballo ningún. En cambio agora teño que traballar as oito horas e máis traballar na casa...teño que andar cas pezas, movéndoas a un lado e a outro, onde antes, anque era ilegal, os chaboleiros que estaban, eles facían o traballo máis bruto...ganábase en proporción máis que agora.”*

4.1.1 Redeira: unha labor artesá

Cando as protagonistas describen como é un día de traballo como redeira fan especial fincapé a diferenza que existe na labor dependendo da arte que manipulan. En xeral distinguen dúas formas de traballo, tal como relatan as entrevistadas: por unha banda, está o traballo do cerco, que se realiza ó aire libre, xeralmente, nos portos e, por outra banda, está o traballo de artes menores, palangre ou enmalle, o cal se executa en lugares cerrados, como son as naves ou “casetas”, pero tamén nos propios fogares. Desta forma, E1 comenta que *“é un día de faena normal como calquera persoa que vai traballar (...) tamén hai que distinguir que arte traballas, non é o mesmo un arte de cerco, un arte de enmalle e...bueno arte de*

enmalle e palangre é o mesmo porque se fai nas casas ou fanse en locais. En cambio no cerco tes que saír, si saes pois tes que rexerte por un horario, sabes? (...) eu na casa, por exemplo, se traballo palangre ou enmalle (...) podes ir a un médico, podes ir...porque es ti, ti distribúes o teu tempo.”

Na descrición da súa labor de redeiras tamén se advirte a falta de traballo que existe en algúns portos de mar, o que leva a busca do traballo noutros lugares:

E1: “ó cerrarmos as portas botamos ano e medio sen poder traballar palangre (...) hasta que despois dese...ese ano e medio (...) conseguimos contactar cunha empresa en Portugal e foi a que nos dou traballo.” Despois disto comenta que, a partir deste intre, conseguiron traballar con maior continuidade e que, a día de hoxe, teñen mais clientes: *“temos tamén clientes particulares tanto aquí en Malpica como no norte, País Vasco, temos en Cantabria, temos Alacante (...) temos moito en Mallorca”*

E6: “aquí non temos traballo, o que é traballo de aquí temos que recibilo de fora, tivemos que ir buscalo fora (...) temos contacto con uns armadores que xa nolo traen, pero tivemos que movernos pa ir buscalo fora deste porto a outros portos.”

4.1.2 Horario laboral

Cando se lle pregunta as protagonistas sobre cal é o seu horario laboral falan de que é moi variable, que non teñen un horario fixo, pero que, en xeral, depende da necesidade que teñan os barcos para saír o mar. Por exemplo, E3 comenta que son *“ocho horas normales, cuando hay apuro las que cuadre...hasta lo que cuadre, el barco tiene que ir para el mar, tiene que llevar el aparejo”*. Igualmente, cando se lle pregunta a E4 a que hora terminan de traballar di que *“as sete se hai pouco apuro, senón o mellor as nove,*

depende...ou a unha, estivemos algunha vez hasta a unha da mañá.” E8 tamén relata ó describir como é un día de traballo como redeira: “pois levantarse cedo, sobre as oito da mañá ou así e dedicarlle horas, dedicarlle horas hasta á mediodía e despois hasta a...segundo a carga de traballo que teñas hasta, ó mellor, once...dez ou once horas diarias.”

Ademais das horas que varían dependendo da carga de traballo, tamén refiren que non se esquezan do seu labor ó chegar a casa, senón que proseguen con el, como menciona E6 no seu discurso: *“...despois chegar a casa, facelo da casa, pero despois están as agullas que nos leva en vez de oito horas son dez horas de traballo diarias, porque queremos enchelas porque senón vimos para o almacén e non damos feito o traballo que nos permita facer algo máis.”* Así mesmo o menciona E5: *“...aquí no tenemos quien nos llene las agujas, cada una se lleva las suyas y normalmente menos de dos horas no te las quita nadie para llenar las agujas de noche. Así que son ocho horas de trabajo aquí más échale dos horas más para llenar agujas.”*

Por outra parte, a diferenza no horario laboral tamén se fai notable dependendo do tipo de arte que traballa cada muller, por exemplo: E11 recoñece que *“os horarios no oficio de redeiras, sobre todo nas artes menores, non temos un horario exacto...”* e continúa decindo *“...se traballas na casa acomodaste ti ó teu horario e tampouco temos un horario aí estrito...procuramos facer un horario pois de oito horas, unha xornada laboral de oito, nove horas, que no noso traballo non é real, non as cumprimos...porque dependendo se nos entregan un traballo e temos que entregar eses aparellos pois en tres, catro días, pois nos marcamos o noso horario e ter que poñer horas de noite, pois telo que facer.”* Por outro intre, E12 comenta que *“as que máis difícil o teñen son as que traballan no cerco, porque teñen que ir para onde hai avaría, na hora que hai avaría, non é un traballo tan grato, vámolos dicir así. As que traballamos na casa por*

peza, pois un pouco organizámonos mellor (...) tes que botar as mesmas horas, pero un pouco decides ti que horas.”

4.1.3 Espazo de traballo

As protagonistas tamén falan do lugar onde realizan o seu traballo, das dificultades para desempeñalo e das diferenzas que existen entre as distintas asociacións. Por exemplo, E1 comenta que *“o espazo moi reducido, non temos espazo para botar unhas redes”*, E7 da a coñecer que *“antes traballabamos todas nas casas e agora, hai uns anos aquí pois alugamos naves ou casetas de portos e daquela pois aí traballamos algunha vez grupos de persoas.”*

Por outra parte, E11 menciona no seu discurso as diferenzas que existen entre distintas asociacións no espazo de traballo: *“hai asociacións que teñen... tan máis cómodas cas naves... nos temos unha caseta e as dimensións son pequenas, quédannos pequenas, porque hai que ter os puntos para armar e despois tes que ter tamén o espazo para tirar os que...para poñer os que nos deixan para traballar, para preparar e despois os preparados ter outro espazo, entón a nosa caseta quédanos pequena, pero hai naves que son máis grandes.”*

4.1.4 Intrusismo laboral

Ó longo dos discursos das redeiras faise apreciable as alusións á falta de traballo que teñen algunhas e xustifican que, en parte, é debido ó intrusismo que experimentan:

E11: “tanos sacando o traballo tamén o intrusismo, temos moito intrusismo, por iso non temos, digamos, o traballo pa sacar un soldo digno ó mes (...) pensionistas, estes mariñeiros que se xubilan os 55 (...) xubilados que se xubilan por enfermidade antes dos 55 (...) xente maior que está na casa e ponse a facer aparellos e fanos

baixo prezo (...) eles non perden nada, nos temos que cobralos ó prezo que nos dan e despois facer o noso trimestre e mais pagar a seguridade social.”

E12: “ de feito o intrusismo que hai laboral é o noventa por cen é de homes, non de mulleres, as que estamos en regra somos as mulleres e os que están ilegais son os homes, en xeneral eh.”

Así mesmo, outras participantes fan referencia ó intrusismo cando falan das desigualdades de xénero que observan no seu sector, sobre todo, cando fan mención ós “chaboleiros”, como será aclarado no seguinte apartado *4.2 Desigualdades de xénero*.

4.2 Desigualdades de xénero

Esta segunda categoría fai referencia o que as protagonistas describen cando se lle pregunta como participa o home neste sector. En xeral, a maioría conclúen que é un traballo case exclusivo de mulleres:

E1: “participan moi pouco, si, e son poucos, son poucos (...) pero redeiros hainos.”

E3: “No, hay “chaboleiros” en algunos almacenes que ayudan a arreglar los cabos, pero aquí en...en...no.”

E4: “...aquí nada, aquí nos almacéns como redeiros non hai o primeiro, eu non sei se hai algún nos almacéns por aí deses das motoras, pero...a verdade e que non vexo ningún.”

E5: “yo solo conozco uno, redero eh, después conozco “chaboleiros” que también entrallan, pero redero redero solo conozco uno y pienso que no está trabajando ya.”

E6: “aquí no hai rederos, aquí no entorno que nosoutras levamos, que estamos facendo todas somos mulleres .”

E9: “No, hai moi poucos (...) chegan de moitas horas de estar no mar e non queren traballar no aparello, para iso xa estamos nos.”

Con estes discursos sae á aflorar un termo descoñecido pola investigadora, “chaboleiro”. Cando se lle pregunta que significa e que é o que fan esas persoas responden:

E5: “los chaboleiros los tienen como enrolados, no sabes? Como si fuera...si les hace falta que vayan para el mar pues tienen que ir, pero no los tienen como...rederos.”

E6: “os chaboleiros (...) bueno, eran ilegais, hai que dicilo todo, pero estaban aí...entón iso eran homes (...) eran persoas que ían ó mellor nun barco e nese barco xubilábanse mozos, osea mozos ó mellor con 54, 55 anos, entón botaban catro ou cinco anos traballando alí como chaboleiros e despois xa paraban, pero iso facían.”

A isto engaden que o traballo do “chaboleiro” favorecía en certo modo o traballo das mulleres redeiras, como ben cita E6: *“a nosotras molestábanos porque dicíamos “jo, estannos sacando algo de traballo” por un lado, pero por outro dicíamos “bueno, fannos o máis bruto” anque recoñeciamos estábamos daquela todos ilegais, pero naquel momento era o que había”*. E5 tamén menciona que *“aquí si tenemos un chaboleiro, por ejemplo, para medir piezas y todo te lo hace él y si tienes...y si hay pocas piezas ya te...ya las hace él (...) aquí, claro, estamos nosotras y lo hacemos todo nosotras, es una ventaja, pero también es una desventaja para otras cosas”*

Xunto con isto nomean que hai un sector no que si se pode atopar homes traballando e que, de feito, é un traballo restrinxido a participación exclusiva do home:

E11: “baixo o meu punto de vista o home...vamos a ver, a nosa profesión máis ben estamos consideradas máis ben mulleres redeiras, o home aquí no oficio de redeira digamos que máis ben a nivel de

arrastre foron sempre redeiros os de arrastre, a muller non pode entrar no...nese...digamos, nese apartado”

Cando se lles pregunta porque é así expresan o seguinte:

E12: “Porque hai en sectores, sobre todo nos primarios que é moi difícil cambiar...as costumes, o que che din é: “porque sempre foi así” e si, por tradición, porque...as mulleres, por exemplo, no arrastre non as queren e...fomos moi válidas (...) non é un traballo que...que se diferencie por sexo, non ten ningún...non hai nada que poida facer unha muller que non poida facer un home nin viceversa, todos podemos facer todo, pero por...por costume faise así.”

E2: “...sempre o traballaron os homes, me imaxino que será por iso ou porque o arrastre ten que ser unha rede que está nos portos, que ten que estar, que estás tirada e que sempre a traballaron os homes, imaxino que é por iso, non porque unha muller non saiba (..) arrastre tamén é unha malla, é un cadrado , tanto é unha malla no cerco, como nos miños, como no (..) tela que facer a base de nodos e despois o resto pois, non sei, non che podería dicir porque un home o fai mellor que unha muller, eu penso que o fai igual, o único iso, que ten máis forza ca muller, despois no resto...”

E3: “Porque no ganan, porque es un trabajo poco reconocido y no pueden mantener a una familia. Como va un hombre mantener una familia con lo que estamos nosotras, imposible...imposible”

E7: “eles atan o mesmo ca nos, arman o mesmo ca nos, o único que poden ter é moito máis forza ca nos, pero hai mulleres que teñen tanta forza que un home, non é forza senón que é práctica de coller os aparellos.”

Ademais da diferenza do traballo entre homes e mulleres en canto a arte na que traballan, destacan nos discursos de E1 e E11 a diferenza que elas observan nas condicións de traballo:

E1: “...o soldo que eles tiñan non se podía comparar o noso, que nunca chegaríamos ó nivel deles.”

E11: “as condicións se hai redeiros homes, se hai redeiros, as condicións para os redeiros son mellores que para as mulleres, pagan máis ós homes que pagan ás redeiras”

Pero tamén destaca no discurso de E11 a imaxe que elas representan ante a sociedade ó lado do home: *“a nivel...digamos que a nivel (..) nacional, o redeiro é o home, a redeira é aquela que recibe unha axuda, digamos trae aqueles cartiños, pero como unha colaboradora do soldo que pode traer o home para casa”*. A pesar de isto, engade que a asociación axudou a cambiar esta visión: *“eu creo que agora máis ben, gracias a asociarnos e federarnos, a muller...a redeira é a muller.”* Nesta mesma liña destacan as palabras de E1: *“creo que lle falta moito por andar (...) nunca chegaron a alcanzar o que alcanzaron as redeiras, que...a ver, que teñen os mesmos dereitos si, porque son...ti na lei de pesca están redeiras e están redeiros, englobase o mesmo, teñen o mesmo (...) pero despois a eles fáltanlle moito, en tema de asociacionismo.”*

4.3 Saúde ocupacional

Esta terceira categoría inclúe aqueles discursos que reflexan os efectos que produce na saúde e, en xeral, na calidade de vida e benestar das protagonistas a súa labor como redeiras. Para comezar a falar disto é necesario facer mención o concepto de saúde, que foi definido pola OMS no ano 1948 e que di que *“é un estado de completo benestar físico, mental e social e non meramente a ausencia da enfermidade ou da doenza”* (31). Así mesmo, a OMS considera que a saúde é *“un recurso valioso que lle permite ás persoas conducir as súas vidas individual, social e economicamente produtivas, ofrecéndolle liberdade para traballar, aprender e participar activamente na vida familiar e comunitaria* (46)

A través dos discursos das protagonistas coñécese que a labor de redeira afecta de forma negativa na saúde destas persoas. Resalta enormemente a coincidencia de que é un traballo monótono, custoso, pesado e duro, como ven se observa nos seguintes discursos:

E2: “son movementos repetitivos, estas sempre na mesma postura, estas sempre...practicamente sen moverte (...) e moitas horas, claro. Se queres facer traballo tes que facer moitas horas porque se non fas horas non fas nodos e se non fas nodos non ganas”

E3: “muy pesado por el hecho de coger mucho peso, hacer un movimiento repetitivo en las muñecas, tener una postura incómoda en el cuello, estar todo el día de pie..”

E4: “é...custoso, custoso, a min agora cóstame, a min agora cóstame (...) porque collemos moitos pesos, estamos moitas horas de pe, si repercute, si si, a min moito...e canto...máis cos anos, máis.”

E5: “es pesado (...) es...cansado, es un día cansado y las posturas (...) es un trabajo pesado y andas con pesos.”

E6: “repercute moito porque son traballos pesados e moi repetitivos (...) porque son moitas horas e moitos entrallos que hai que facer, repetitivos, esforzados, para tirar da corda, para tirar do fío, dos nodos que hai que facer, é moi repetitivo, en iso quizá que sexa o que máis repercute...”

Ademais fan alusión as malas situacións climatolóxicas, sobre todo, aquelas mulleres que traballan coa arte do cerco, o cal require, como ven xa se nomeou, que se traballe ó aire libre:

E1: “despois as humidades si estas traballando no porto no cerco, por exemplo, se hai sol estás sentada no chan e aínda que esteas nunha cadeira, toda esa calor que ven no asfalto está absorbendo o corpo”

E15: “...si chove mollámonos porque...temos que poñer a roupa de augas si estamos fora (...) normalmente estamos fora e...xa che digo, o sol acaba con nos porque co sol sáenos manchas na pel, pasas calor e a chuvia acaba con nos tamén porque nos molla, e así...e se fai frío, fai moito frío, pasas moito frío, tes que abrigarte. (...) por moita crema que uses e moito todo, a calor acaba contigo, o sol acaba contigo.”

Sen embargo, non falan só das humidades ou das dificultades climatolóxicas as mulleres que traballan no cerco, senón que tamén fan referencia a esta problemática o resto das traballadoras:

E4: “uff aquí temos estado tan mal dos osos...temos estado tan mal porque estás con frío, húmida, húmida no, de humidade das pezas.”

E5: “porque hay mucha humedad y entonces...aunque esté el sitio seco vienen las piezas mojadas y es un sitio húmedo”

Ademais de todo isto, coinciden todas elas que, debido a monotonía do traballo, a carga de grandes pesos e as humidades, encóntranse todas elas con repercusións na saúde, sobre todo, a nivel físico:

E3: “muchísimo...pues mira, en el cuerpo ya, en los hombros, en la espalda, las manos, el estar de pie, eso ya...”

E4: “sí, sí, sí, sí moito, moito, de feito os brazos, moito as pernas, en fin, moito eh, si. A todas eh, a todas en xeral...”

E5: “sí, sí, la espalda, la columna, a mi antes no me dolía la columna, en el cuello mucho, las cervicales, contracturas, en los brazos, en la espalda, en el cuello, estás contracturada, seguido y lo que te digo las manos, en el túnel...”

E7: “bastante, pois tanto po túnel carpiano para as mans como fibromialxia como...porque estamos sempre molladas, os ombros...bueno, as enfermidades podemos coller todas...artroses, hai compañeiras que padecen da artroses moitísimo, as hernias...”

E8: “si, si, si, a min persoalmente xa me repercutiu no túnel carpiano, estou operada do túnel carpiano e teño artrites (...) si que repercute no esgotamento de brazos e iso porque hai veces que os aparellos son moi pesadísimos e temos que cargar con eles.”

E9: “repercute, claro que repercute, repercúteche en moitas cousas, fáloche persoalmente no chumbo, traballando cando facemos o reciclaxe, eu co chumbo, douche a experiencia de que lle teño alerxia e foi a raíz do chumbo, si.”

E11: “repercute moitísimo tanto muscular como...digamos e...alerxias que nos saen tamén na pel, pero, sobre todo, muscular.”

E12: “pois si, a nivel musculoesquelético xa en todo, en xeral, e despois outras enfermidades que non están aínda demostradas (...) estamos todo o día sentadas na humidade, iso afecta a nivel xinecolóxico (...) estamos moito tempo sentadas en sitios húmidos e movendo (...) todo aparello que ven do mar ven mollado (...) despois o reciclaxe tamén estase empezando a demostrar agora (...) hai varios casos que afectaron a vista, moitas conxuntivites, dermatites na pel...”

Con todo isto, fan especial mención todas elas a falta de recoñecemento por parte do profesional sanitario das súas repercusións na saúde. A isto súmaselle a invisibilidade na que viven, xa que teñen que ser elas mesmas as que teñen que demostrar as repercusións na saúde:

E1: “si, o túnel carpiano e o do cóbado si (...) en cambio outras non lla...téñena como enfermidade común (...) cando vas o médico cubrilo parte, que non ten os códigos que debe de ter, onde están recoñecidas as enfermidades profesionais.”

E5: “yo en el verano me lastimé aquí en una mano, la debí poner mal y no te ponen como enfermedad profesional, te ponen como enfermedad común, no te lo, no te lo ven (...) cuando llevó el parte le mandó para que le cubrieran un parte de...de estos de accidente,

cuando lo normal sería que ya te lo diera el médico de cabecera, caíste y te lastimaste (...) solo es un código que tienen que poner (...) pero claro, si no sabes donde lo vas buscar, normalmente lo tenían que saber ellos.”

E6: “Non teñen recoñecido, vamos ó médico e dicimos “no, eu veño...estou traballando e dóeme este brazo ou os ombros ou do lombo ou diso e é do traballo” e...costa moito caro que nolo recoñezan, que nolo acaben de recoñecer como debía.”

E7: “a ver, agora empezan a recoñecelas tamén, o túnel xa se pode poñer un código, ¿que pasa? Que ti vas ó médico da cabeceira e dislle que te vas operar do túnel e daquela el o que che di é que non está, pero si está, témoslle que dar un código e con ese código pois pódeste poñer como enfermidade profesional.”

Unido a isto admiten que, en ocasións, teñen que buscar medidas para seguir adiante co traballo:

E3: “cuantas veces estamos trabajando sin poder (...) y a base de pastillas y antiinflamatorios y...nos tenemos que buscar la vida.”

E4: “algunhas cousas si e outras pois (...) a forza de ires e insistir e insistir porque hai veces eu digo “jolín, estou pagando unha seguridade social e ves traballando con pastillas para poder estar sen dor” entón...”

Por último, algunhas delas dan a coñecer como lles inflúe no fogar todas estas repercusións derivadas do traballo:

E7: “xa estas cansada de toda a semana, pois ou de traballar ou do que teñas que facer, e cando vas facer pois a limpeza da casa ou tal pois xa non tes a forza suficiente como para facelo porque as mans telas cansadas, se tes que subir cánsaste (...) imos para a cama e non podemos coas mans.”

E11: “ti chegas a casa, chegas cansada e aparte da fatiga e que...as pernas, o que é os xeonllos , mans e eu, sobre todo, ombros, os antebrazos e o que é o pescozo, iso é horroroso (...) e repercúteche, chegas a casa non tes ganas, non tes humor” Seguido disto comenta que algunhas veces non lle permite realizar algunhas das actividades do fogar: *“o que fas ó chegar a casa é sentarte e dis ti: “non podo, hoxe non poido máis” e entón si, pero telo que facer, fas un esforzo e segues para adiante, méteslle un calmante e tiras para adiante.”*

E12: “se tes o do túnel carpiano, por exemplo, por poñerche un exemplo, e...se as mans quedan durmindo quédanche durmindo en calquera tarefa da túa vida, non che responden (...) se tes bañeira, hasta meterte na bañeira, quero dicir, cousas...básicas que sabes que non...que son imprescindibles (...) coller un cacho de pan e non ter forza para cortalo...cousas que afectan no día a día.”

E14: “cando teño lumbago non soamente o teño a hora do meu traballo como redeira, téño tamén á hora de facer a cama que non me sei agachar, a hora de coller o meniño que me pesa quince quilos e me costa un triunfo, cando empeza a correr teño que ir a...”

4.4 Beneficios do asociacionismo

Esta cuarta categoría recolle aqueles discursos que narran os beneficios e a necesidade que viron e están vendo na actualidade as protagonistas con referencia a creación da asociación e da federación. Elas consideran que é unha necesidade que viron nun momento para ser visibles na sociedade e que agora están vendo os resultados. Para falar desta categoría é importante facer diferenzas en canto a visibilidade das redeiras dentro da comunidade, a creación da asociación como medio para ser recoñecidas e os avances que se conseguiron mediante a asociación. Por isto, é necesario engadir subcategorías:

4.4.1 Invisibilidade na sociedade

Esta subcategoría fai alusión a aqueles discursos que as mulleres dan a coñecer cando falan sobre a pouca visibilidade e recoñecemento que teñen como profesionais dentro da sociedade na que viven. Por exemplo, E1 falan de como vivían as redeiras antes de unirse: *“pasamos ano e medio moi malo (...) porque estabamos cobrando o mesmo que un xubilado (...) nos dixémoslle que tiñamos unhas obrigacións, que tiñamos que cubrir, que hai que ten que pagar seguros (...) e nos o que fixemos foi...pois bueno, vámonos unir e vamos buscar traballo pola nosa conta (...) botamos ano e medio cas portas cerradas, ninguén nos daba traballo”*

Da mesma forma, cando se lle pregunta as redeiras se o seu traballo é visible na sociedade responden:

E2: “en portos pesqueiros si, en portos si, despois fora onde non haxa portos pois é unha cousa que chama a atención.”

E3: “los de a pie si, lo reconocen y la gente que trabajó en esto lo reconoce, pero el resto del mundo no, porque si lo reconocieran nos pagarían más.”

E4: “a xente que o, que o traballou si, pero quen non o traballou non o recoñece, parécelles que traballas, pero que ganas moito e non está pago e non saben como é o traballo”

E5: “la gente que trabaja en el mar nos reconoce, a lo mejor otra gente no...les parece que no es tan, tan duro (...) pero yo pienso que hay muy poca gente que te lo reconoce.”

E6: “parécelles que como nos ven con unha agulla e cun fío din “estades cosendo, non é tan pesado””

E7: “pregúntaslle o que é unha redeira e diche que é un mariñeiro, non convalidan que as rederias ou as mulleres (...) que somos as que atamos o aparello pa ire o mar.”

E12: “realmente coñécese nos portos de mar e pouco máis (...) cando eu saquei un curso para ser redeira a chica que nos veu dar o de riscos laborais o primeiro que nos dixo e que tiñamos que estar ben sentadas na cadeira, cando non hai cadeira na maioría dos casos, que tiveramos coidado que non nos marchara a agulla porque o aceiro poder correr (...) podemos morrer, non hai tal aceiro porque son de plástico (...) a ver, non tiña nin idea, nunca vira o noso traballo”

E13: “hay gente que no sabe ni que estamos aquí, los médicos cuando vas y te preguntan por la enfermedad no saben lo que es una redeira”

4.4.2 “A unión fai a forza”

Unha vez comentada a pouca visibilidade que teñen as redeiras dentro da sociedade, dan a coñecer esa necesidade de crear a asociación, así como os beneficios que repararon ó ser recoñecidas.

E1: “dixemos que a única forma...porque nos este traballo faise nas casas (...) porque non aproveitamos que temos un local (...) e empezamos a traballar na caseta para que nos vexan (...) foi onde, a raíz de vir para aquí, foi onde empezamos a conseguir o traballo e, posteriormente, bueno, o resto das cousas.”

E2: “a unión penso que axuda moito e mais que o goberno dáse conta de que aí hai un grupo de xente, non miran para un, miran para unha cantidade que lle moleste (...) a redeira vai pola asociación, a asociación federación, toda...todo...me imaxino que o conxunto saberán onde está e que necesitan algo e piden tamén.”

E7: “mellor estar asociada, pertencer a unha federación ou a algo porque pódénche mirar de outra forma que podemos mirar individualmente”

E8: “por medio das asociacións e da federación é a única maneira de que se visibilizase un pouco o noso traballo.”

E11: “todas as redeiras que estean asociadas sempre fan máis forza para conseguir as cousas (...) canto máis grande sexa a asociación pois máis forza fas”

E12: “a hora de pedir uns dereitos sempre fai máis forza un grupo que unha persoa soa”

4.4.3 Pequenos avances cara o recoñecemento

Nesta terceira sub-categoría ponse de manifesto aqueles discursos que as entrevistadas dan a coñecer cando falan dos avances que están conseguindo ó unirse e dos pasos que dou a asociación e outras formas de agrupación para conseguir ser visibles:

E2: “neste caso nos a televisión, medios de comunicación, eventos que vas por aí (...) temos ido a feira á Muxía (...) temos levado cerco, a rede do cerco, e que iso chama moito a atención (...) é un traballo artesá e non...por fóra de aquí non é moi normal.”

E6: “as redeiras cóstanos moito caro facernos visibles, aunque axudou moito o que...os premios que nos deron, tanto o da medalla de ouro como o, agora, o do mérito ó traballo (...) os da xunta, por exemplo, axúdannos facendo visibles (...) fainos máis publicidade (...) vimos saíndo en algúns medios de comunicación”

E7: “facendo obradoiros para os colexios ou indo a sitios que nos chaman para dar as charlas e ser recoñecidas que é un oficio artesá”

E12: “coas asociacións xa se conseguiu moito, ó federarse moito máis e agora que entramos en ANMUPESCA, que é unha asociación nacional onde estamos mulleres da pesca (...) eu creo

que si que é beneficioso (...) non é o mesmo que pida unha persoa soa o coeficiente redutor, que que o pidan setecentas, que que o pidan sete mil” e continúa dicindo todo aquilo que fan para promocionar a labor de redeira e, incluso, formas de encontrar traballo “agora mesmo onde máis promocionamos o noso traballo, a parte de ser a través de internet (...) cando imos as visitas (...) polo mundo adiante (...) vamos sempre deixando nesas concentracións (...) pois que vexan o noso traballo, de aí é como se poñen en contacto con nos.”

Ademais destes pequenos pasos que foron dando e conseguindo desde a asociación e a federación para facerse visibles e promocionar o seu traballo, tamén se pon de manifesto unha labor de diversificación que realizan varias asociacións. As redeiras reflexan que comezou como unha forma de ter traballo aqueles meses nos que non había aparello que reparar e confeccionar, pero que, co tempo, se volveu nunha forma máis de traballo, nunha axuda económica e tamén nunha forma de dar a coñecer o que fai unha redeira:

E6: “eses meses que non estamos traballando a veces son moi duros (...) tratamos de diversificar un pouquiño o traballo de redeira cando non hai traballo, a ver se podemos ir facendo outras cousas pa que nos vaia axudando (...) non podes traballar, non che dan unha baixa, pois entón podelo complementar”

E11: “dende hai seis anos nos ofreceron facer uns cursos para diversificar a nosa profesión cara...digamos, a moda, a artesanía (...) agora temos, digamos, que facer a artesanía e máis os aparellos (...) involucrarnos en esa artesanía foi derivada da falta de traballo e ante esa falta de traballo involucrámonos en esa artesanía, facemos bolsas, sempre utilizando restos de aparello, digamos utilizamos as redes, os fíos e incluso os flotadores (...) agora mantémolo aparello e diversificamos o noso traballo, e máis a

parte diso agora involucrámonos tamén en reciclaxe, reciclar as redes que veñen do mar, os aparellos que decomisan, entón nos destruímos, desfacémolos e digamos que reutilizámolos cara a artesanía e ó mesmo tempo vendémolos a empresas que recollen reciclaxe de aparellos.”

E12: “houbo épocas en que había pouco traballo (...) hai asociacións que solo, que se dedican a un tipo de arte daquela claro, cando non van os barcos a esa especie, pois quedan sen traballo e bueno, xestionouse ca Xunta que houbese unha alternativa, xurdiu o proxecto de “Enredadas” que o hai de reciclaxe...facer artesanía con materiais (...) normalmente as redes que incautan ían para unha asociación de discapacitados e non daban feito tanto traballo e daquela empezouse a compartir con...cas redeiras.”

Así mesmo, tamén fan referencia a que a creación da asociación foi a forma de encontrar traballo, é dicir, para elas é o medio de subsistencia, como ben o explica E3: *“tengo trabajo por el hecho de ser socia ahora mismo, donde no, igual no lo tendría”*

E11: “dende fai seis anos ofrecéronnos facer uns cursos para diversificar a nosa profesión (...) agora temos, digamos, que facer a artesanía e máis os aparellos”

Así mesmo, E1 fai referencia que, a pesar de non ver avances no traballo ó longo dos anos (como ben se mencionou anteriormente), si veu melloras en canto ó asociacionismo: *“se melloramos en algo o mellor foi máis na parte do asociacionismo, sabes? En conseguir deixar os intermediarios e conseguir o traballo pola túa...” e continúa dicindo: “é un colectivo que salio adiante cando ninguén te coñecía (...) ninguén loitara por el (...) a ver, a federación fixo moito (...) a nivel de Galicia, entón fíxose moito (...) cada vez que vas ós sitios, os referentes son as redeiras (...) sempre*

saen as redeiras e é polo que se leva conseguido (...) por todo ese traballo que se leva anos facendo.”

E4: “Tan falando moitas veces ca antes, eu penso que nin se coñecían nin das redeiras, non se falaban nin delas, non, non existía. Existía, pero daquela maneira, as atadoras que había antes (...) e nosoutras temos vantaxes, temos recoñecementos todos os anos.”

Ademais de todo isto, faise notable nos discursos das protagonistas, a preocupación pola falta de recoñecemento que teñen por parte do goberno dos beneficios do coeficiente redutor. Elas expoñen, que dentro do réxime do mar, son as únicas a quen non se lles recoñece esa xubilación anticipada, polo que teñen que seguir traballando ata os anos que establece o goberno para todo tipo de traballo. Isto é algo polo que están loitando grazas a asociación e a federación:

E6: “agora tamén loitamos polo coeficiente redutor que debido ó peso do traballo, que tamén nos necesita, é un traballo moi pesado e non podemos chegar hasta os 65 anos e logo os 67 que queren poñer, énos imposible, despois de levar tantos anos traballos o corpo non aguanta, máis ben os tendóns, os osos, bueno, a musculatura practicamente en xeral, chéganos moito. Entón queríamos saber si...estase loitando e a ver se se pode conseguir.”

E11: “tamén agora estamos en vistas a ver se nos aproban o que é o coeficiente redutor, que nolo apliquen como llo aplican os mariñeiros e outros sectores que derivan do mar (...) as redeiras son as que de momento non llo recoñecen, o noso oficio non é de risco, segundo o que din, o que di a lei, o noso o oficio non é de risco, entón non nolo recoñecen (...) que creo que ben merecido o teríamos, sobre todo a xente que traballou toda unha vida (...) nos os 50 anos non podemos con un aparello, eu con 50 anos non podo cargar con un aparello, con unha volante que pesa 50 kg e iso se o levas facendo durante moitísimos anos os 50 anos non podes

contigo e que...prexudícache moitísimo nos osos, nas inflamacións musculares, artroses.”

4.5 Equilibrio ocupacional

Esta última categoría fai referencia a como as protagonistas compaxinan a súa labor como redeiras coa súa vida familiar e co resto de ocupacións do seu día a día. Elas, na súa vida cotiá, combinan o seu rol como traballadora (redeira) con outro rol como, nai, ama de casa, coidadora e, incluso, como traballadora dun segundo oficio remunerado. Todo isto dano a coñecer ó longo dos seus discurso, por exemplo:

E1: “hai xente que ten persoas ó cargo que ten que atendelas e...e compaxinas, vas atendendo a casa, atendendo a comida, atendes os fillos, atendes o home e fas o teu traballo (...) vas compaxinando como podes a vida da túa casa, co que teñas...cos fillos, con persoas maiores (...) bueno, o típico que foi sempre o labor da muller.”

E2: “todo o fas dun día para outro (...) todo correndo, correndo (...) se tes que facer unha limpeza, hoxe toca cristais ou tes que limpar, pois dedícaslle unha horiña despois”. Tras isto, comenta de novo: “ ata fai tres anos, os fins de semana ía para un restaurante (...) teño dous fillos, tiña naquel momento tiña os dous sen traballo (...) se non podes, pois se podes arrimar, pois xurdiume, xurdiume e facía falta e pois mira, ía os domingos para aí (...) hasta que o corpo dixó hasta aquí chegamos (...) cheguei un punto que claro, eu tiña que facelo da casa tamén, porque meu home andaba ó mar (...) eu facía de comer para oito persoas, empezando por un estudante que me chegaba á hora de comer, despois cada un viña chegando cando podían”. A isto engade unha reflexión final: “con cincuenta anos o corpo vaiche cambiando e tes que ir tirando do freo de man .”

E3: “tengo que traballar el fin de semana, los domingos, porque si no, no me da para vivir (...) por la semana soy redera y el fin de semana voy a limpiar casas (...) estuve muchos años haciéndome cargos de mis hijos y

sola, trabajando para manterlos” Cando se lle pregunta como compatibiliza o seu tempo de traballo responde, facendo referencia a súa vida no fogar: *“no se puede, si queremos trabajar en esto y ganar un mínimo, un mínimo, no tenemos otra vida (...) el fin de semana tienes que adelantar algo en tu casa para venir a trabajar toda la semana, entonces, que descanso tienes? Ninguno.”*

E4: “e o fin de semana traballando e limpando e recollendo e...é o momento que tes de ocio para, para saír, ó mellor dar unha volta, cerquiña (...) porque para máis nada xa non che da (...) teño unha persoa maior e non a podes deixar e entón nada, para dicir...para desconectar un pouquiño.”

E5: “yo el fin de semana...a hacer lo que no puedes hacer por semana, a mirar con...con ropa, con cosas, a dejar compra ya hecha, a lo mejor para toda la semana.” De seguido disto continua dicindo que ela asume un rol, ademais do de traballadora e ama de casa: *“yo tengo una persona mayor, tiene 82 años y le tengo que dejar...ya procuro dejarle para la semana ya la comida ya a ella y mirarle tratamiento y ropa y, entonces, el fin de semana te ocupas de eso (...) un día a lo mejor no puedo venir porque cae y son personas mayores que tienes que...tienes que dejar de aquí para (...) te ocupa el tiempo y cuando llegar a casa de estar aquí ocho horas no tienes ganas más que de darte una ducha, sentarte, relajarte, cenar, irte para cama y nada más (...) el fin de semana pues ya ocupas de dejar más cosas y más también para estar con la familia, aprovechar el fin de semana para salir un poco con la familia.”*

E15: “tes que facer a comida, tes que facer as cousas da casa, tes que vir...”

Ó igual que as anteriores, cando se lle pregunta a E14 que ocupacións realiza no seu día a día, responde: *“pois a de mamá, refírome, as labores típicas, pois ir a compra ou ir buscar o meniño ou...a veces intento vir un pouco antes e saír para que vaia un pouco o parque, o típico de unha muller e, ademais con un meniño pequeno.”*

5 CONCLUSIONES E DISCUSIÓN

O obxectivo do devandito estudo era o de coñecer como o traballo de redeira inflúe no desempeño ocupacional das mulleres da costa galega, o valor que lles atribúe esta poboación ó traballo que desempeñan e as repercusións na saúde que derivan do mesmo. Por iso, despois da inmersión no campo púidose coñecer como desenvolven o traballo as redeiras no seu día a día, así como lle afecta nas demais ocupacións, na súa saúde e na calidade de vida. Da mesma forma, viuse reflexada unha inxustiza na principal ocupación da vida adulta, o traballo, causada, en parte, polas desigualdades de xénero que existen no sector. Tras isto, preténdese realizar unha comparación con evidencia científica e crear un enlace coa Terapia Ocupacional. Para axudar a comprensión desta conclusión, inclúiranse unha serie de apartados que aluden ós temas que se obtiveron como resultados deste estudo.

5.1. O traballo como medio de subsistencia: precario e desigual

En primeiro lugar é importante facer mención o artigo 23 da Declaración Universal dos DDHH, o cal reflexa que *“toda persoa ten dereito ó traballo, a libre elección do seu traballo, a condicións equitativas e satisfactorias de traballo e a protección contra o desemprego”*, tamén se menciona que *“toda persoa ten dereito, sen discriminación algunha, a igual salario por traballo igual”* e, por último, dise que *“toda persoa que traballa ten dereito a unha remuneración equitativa e satisfactoria que lle asegure, así como a súa familia, unha existencia conforme á dignidade humana”*(32). Todo isto revela que o traballo debe ser igualitario, sen discriminación, equitativo e que garante a subsistencia, é dicir, que lle permita satisfacer as necesidades da vida, manter unha familia e participar na sociedade (47).

Como ben se puido observar nos resultados, as redeiras desempeñan unha labor representada na súa gran maioría por mulleres. Elas refiren que, a pesar disto, os homes que traballan ó seu lado viven nunhas condicións moito máis beneficiosas que elas, xa sexa polo salario ou polo tipo de labor e contrato. Existen outros traballos atribuídos socialmente ás mulleres, como pode ser Enfermería, a cal se considera

nunha posición inferior a Medicina. Esta foi considerada no pasado como unha forma de acceso ó mercado laboral, pero a día de hoxe sofre desigualdades e asignáselle o prexuízo de labor de muller por estar relacionada cos cuidados doutro, é dicir, “muller como cuidadora” (48). Da mesma forma, encóntranse outros sectores laborais que se asocian as mulleres, como é o caso de Traballo Social ou Maxisterio, sobre todo relacionado coa ensinanza nos primeiros anos da Educación Primaria. Son traballos que se relacionan coas mulleres porque se consideran máis emocionais, afectivos ou que representan o instinto maternal (49).

A desigualdade, o sexismo e a violencia de xénero son temas controvertidos e de gran preocupación para sociedade na actualidade (48). Máis concretamente, as diferenzas por sexo no traballo son unha realidade na sociedade dende fai anos, polo que se poden observar varios documentos científicos que fan referencia a isto (49,50). Algúns deles recollen as consideracións de Goldberg (1968) sobre a discriminación das mulleres no mundo laboral, onde el reflexa no seu paradigma as grandes distincións entre homes e mulleres. Tamén pon de manifesto que a muller realiza labores inferiores ó home ou derivadas dos estereotipos sociais de “muller como ama de casa” ou “muller como cuidadora”(48,51).

A desigualdade de xénero non só se observa no traballo remunerado, senón que existen referencias de que isto persiste no resto das ocupacións do día a día, como pode ser o ocio (52). Un estudio demostra que os homes dedican máis tempo a actividades que desexan e gozan, é dicir, ó ocio, deixando as tarefas do fogar para as mulleres, o cal lles restrinxe a súa participación nas súas ocupacións de lecer. (52). Isto demostra que as mulleres son as que levan a maior carga de peso no fogar, como se observa nun estudo realizado sobre a conciliación do emprego e o fogar o cal expresa: *“dentro dos fogares non parece existir un reparto equilibrado de cargas. Os homes seguen ocupando as mellores posicións”* (53). Isto é algo que se corresponde cos resultados deste estudo, xa que se observou que moitas delas son nais de familia, o que supón estar ó cargo dos fillos, dos netos e, inclusive, de persoas maiores, que son dependentes

e que solicitan da súa axuda para as principais actividades da vida diaria, así como de atención médica. Elas fan referencia a que cada día deben compaxinar a súa labor no fogar, preparando as comidas, limpando, organizando, pero tamén coidando da súa familia, co traballo que realizan como redeiras. Isto pode ocasionar como unha sobrecarga de tarefas, pero tamén de roles. Compaxinar cada un deles durante a maior parte da vida supón un estrés, o cal repercutirá en gran medida na saúde e na calidade de vida das redeiras (25). Ademais, compróbase cos resultados que son elas as que levan o maior peso dentro do entorno familiar e que, en ocasións, deben elixir entre continuar co seu traballo ou atender as labores no fogar ou demandas familiares.

A loita pola desigualdade de xénero en todas as facetas da vida das persoas e máis concretamente, o que se refire neste estudo, o traballo, ven plasmado xa dende o ano 2015 nos Obxectivos do Desenvolvemento Sostible (ODS), propostos polas Nacións Unidas (ONU) (54). Neste documento faise referencia o reparto desigual nas tarefas domésticas (traballo non remunerado), pero tamén as distintas condicións de traballo que existen entre homes e mulleres. Para combater isto a ONU propón aplicar un marco político que recolla medidas transformadoras para que eliminen esta discriminación e busquen a igualdade de xénero (54).

5.2. Asociaciónismo como forma de cambio

Nos resultados obtidos deste estudo refléxase o poder que exerce a creación de asociacións para dar a coñecer a importancia do seu rol como traballadoras dentro do sector mariñeiro. Vese que existe unha invisibilidade da labor que realizan, que pouco a pouco é enfrontada grazas ó asociaciónismo. Esta forma de movemento non é algo novo, xa que hai coñecemento de que as primeiras formas de loita por parte das mulleres dos seus dereitos, como son o voto e a igualdade, dentro da sociedade remóntase ó século XIX (55). Así mesmo, Mason, no ano 2007(56), define este tipo de mobilización como a maneira de ver situacións de opresión ou

discriminación que viven as mulleres, ademais de recoñecer as súas necesidades e intereses [citado en (57)].

Da mesma forma, observase que o asociacionismo é unha medida que permite traballar de forma colectiva para conseguir cambios en varios sentidos, pero tamén compartir problemáticas individuais a través da forza do grupo (58). Existe bibliografía que, a pesar de facer referencia ó asociacionismo ligado a inmigración, define moi ben ó impacto que ten esta medida na sociedade. Desta forma, expresa que a asociación é un espazo que rompe co illamento social, favorece o intercambio de vivencias e permite atopar unha voz familiar (59). Isto concorda cos resultados obtidos, no que redeiras fan referencia a que a asociación lles permitiu alcanzar obxectivos que individualmente non conseguirían. Ademais, foi a oportunidade de darlles unha pequena voz dentro da sociedade e ser recoñecidas como profesionais.

A pesar dos avances que mencionaron as redeiras de todo o conseguido ata o momento grazas a forza do asociacionismo, aínda atopan ámbitos do seu traballo no que seguen como fai anos. Un destes é o intrusismo que sofren no seu traballo, o cal lles restrinxe a súa labor, pero tamén o seu recoñecemento. Isto non é algo que experimenten só as mulleres redeiras, senón que ocorre noutros traballos. Un destes casos é o de periodismo, o cal expón no seu código deontolóxico a loita contra o intrusismo. Desta forma pretende diferenciar entre as persoas que verdadeiramente realiza a labor con fins propios e as que solo buscan o rendemento económico (60). Outro emprego que sofre desta intrusión é o de turismo, como se expresa nun estudo realizado para un traballo de fin de master: *“o turismo é un sector que sofre de intrusismo en España, pois cada vez son máis os operarios que sen titulación turística, traballan no sector como profesionais, xa sexa por habilidades lingüísticas como por competencias específicas para o posto”*(61). Como se pode observar ambos traballos sofren unha desigualdade, pero, a diferenza do traballo de redeira, son empregos que teñen un recoñecemento e unha maior visibilidade dentro da sociedade, polo que a súa loita contra o intrusismo é

máis doada de acadar. Isto quere dicir, que o traballo de redeira sofre unha dobre discriminación, por unha banda é un traballo pouco recoñecido e a súa loita non terá tanta forza e non será escoitada por toda a comunidade e, por outra banda, sofre unha discriminación en canto o xénero.

Con isto podemos observar unha problemática que afecta a máis dunha profesión e que é unha realidade na sociedade. Loitar contra este intrusismo supón loitar polos dereitos dos/as traballadores/as, así como se recolle na Lei Orgánica 1/2015 pola que se modifica a Lei Orgánica 10/1995, de 23 de novembro, do Código Penal. Desta formaponse de manifesto que se revisan, así como outros delitos, a pena contra o intrusismo, considerando esta como aquelas persoas que realizan as actividades dunha profesión cando non posúe o recoñecemento do mesmo (62).

Considerase importante facer mención ó intrusismo neste estudo porque se relaciona intimamente coa ocupación principal e máis significativa para estas mulleres nesta etapa da súa vida. O intrusismo é un feito que lles preocupa porque lles restrinxen a súa labor, é dicir, cantas máis persoas traballen de forma ilegal, menos traballo realizarán elas, non poderán aportar economicamente para a súa subsistencia e das súas familias e, polo tanto, repercutirá no seu desempeño ocupacional.

Outra das grandes preocupacións que xurdiu nos discursos das mulleres que participaron foi en relación ó coeficiente redutor que non é recoñecido para elas, pero que, sen embargo, si que o é para outros/as traballadores/as do sector pesqueiro. Para comprender este termo é importante facer mención á Lei 27/2011 sobre actualización, adecuación e modernización do sistema de Seguridade Social no seu artigo número 4 no que realiza modificacións ó réxime de xubilación. De acordo con isto, estimase que a idade de xubilación é os 67 anos, pero que se pode cumprir ós 65 sempre cando se teñan cotizados 38 anos e medio (63). En cambio, hai sectores nos que requiren unha xubilación anticipada debido as condicións de traballo, a dureza del ou a distancia entre o lugar de traballo

e o fogar. Este é o caso dos/as traballadores/as do mar, nos que se inclúen os da Mariña Mercante, embarcacións de pesca, estibadores/as portuarios, mariscadores/as, percebeiros/as e recolledores/as de algas. A estes recoñéceselle unha redución de ata 10 anos, é dicir, existe a posibilidade de xubilarse ós 55 anos (64). Como se pode observar, aínda sendo recoñecidas as redeiras como traballadoras do sector pesqueiro (11) e facer referencia elas mesmas as dificultades que observan co paso dos anos ó desenvolvemento do seu traballo e as repercusións que observan na súa saúde e calidade de vida, non se contemplan dentro do réxime especial para o acceso a unha xubilación anticipada (64). Ademais, elas fan mención as repercusión que agora mesmo con 50 anos, ou incluso menos, observan na súa saúde, pero isto agravarase á medida que avance a súa idade, provocando que empeore a súa saúde, asociándose a enfermidades que son máis susceptibles nas persoas maiores. Por todo isto, considerar que este colectivo debe traballar ata os 65 ou 67 anos, como di a lei, nas condicións que o fan (posturas incorrectas durante horas prolongadas, movementos repetitivos continuos, grandes cargas de peso, etc.) supón quebrantar os DDHH. Elas, conforme dita o artigo 23 e 24 Declaración dos DDHH (32) o seu traballo debe asegurarlle dignidade, subsistencia, protección social e que lle permita compaxinar co descanso e tempo libre, o cal non se observa que se cumpra neste caso. Unido a isto, o artigo 25 vincúlase con que a vida dos cidadáns debe ser de nivel adecuado, que lle asegure saúde e benestar, cumprindo co dereito ó alimento, ó vestido, á atención médica, etc.(32), o cal, de novo, se observa que non se cumpre xa que moitas aseguran que precisan doutro traballo para poder satisfacer estas necesidades.

Con todo o expresado ata o momento observase que é un traballo prexudicial para a saúde e o benestar, pero tamén unha actividade precaria, que vive nun estado de desigualdade ante outros do mesmo sector, no que respecta ó coeficiente redutor. Polo tanto, ter a posibilidade para elas de poder adiantar a xubilación podería mellorar o seu benestar, pero tamén evitar que aparezan enfermidades profesionais en idades avanzadas,

diminuír as repercusións xa existentes ou previr que se produza un deterioro das mesmas.

5.3. Terapia Ocupacional, saúde ocupacional

O traballo de redeira, dentro deste sector pesqueiro, está moi relacionado co agrario, xa que son dous traballos do sector primario, altamente tradicionais que representan a cultura de Galicia e que perduran na historia (65). Esta Comunidade Autónoma ten un total de superficie de 863.677 hectáreas, da cal o 71% dela é utilizada polos agricultores (621.643 hectáreas), segundo datos do 2016 (66). Isto permite observar a importancia desta labor para a xente de Galicia, ademais da ocupación que realizan nas súas vidas. Segundo os datos do IGE, non só a superficie de terreo ou o número de buques (3) representa a tradición e cultura galega, senón que tamén é significativo o número de persoas activas que realizan ambos empregos: 61,8 miles de persoas rexistradas no 2017 (67). O traballo na agricultura posúe características en común coas redeiras, como por exemplo: a maioría das tarefas realízanse ó aire libre, expoñéndose a condicións ambientais extremas, as posturas son inadecuadas durante longos períodos de tempo, existe unha urxencia de tarefas en períodos específicos (tempadas que require moito traballo e outras nas que é escaso), a idade é avanzada, a precariedade laboral é alta, os ritmos de traballo son irregulares ou hai falta de seguridade (68). Ademais disto, ambos traballos desempeñanse en lugares próximos ó fogar, xa que as mulleres redeiras, como ben se observou nos resultados, realizan o seu traballo en portos ou na propia casa e a agricultura acostuman a ser de tipo familiar, polo que o fogar e a zona de traballo están próximas (68). A representación destes dous traballos a nivel de Galicia faise evidente, así como as características que comparten, que fan desta comunidade un lugar cheo de historia e con unha cultura moi marcada.

Por outra banda, neste estudo as redeiras deron especial importancia a como as condicións do traballo lles repercute na saúde, tanto

a nivel físico como emocional e, a súa vez, nas demais ocupacións do seu día a día. Fan especial fincapé a que a maioría, en algún momento da súa vida traballando como redeira, tiveron algunha problemática que lles impediu seguir co seu traballo durante unha tempada, por exemplo, co síndrome de túnel carpiano, ciática, tendinites ou lumbalxias, entre outros. A gran maioría son repercusións a nivel muscular, provocadas polos grandes pesos cos que cargan manualmente, pola postura repetitiva e polas extensas horas as que están na mesma postura durante días e días. A OMS xunto coa OIT en 1995 expuxeron que *“a saúde no traballo consiste en lograr a promoción e mantemento do máis alto grado de benestar físico, mental e social dos traballadores en todos os traballos”* (59, p. 14). A través disto compréndese que calquera traballo debe garantir a saúde e o benestar tanto físico, mental como social, o cal non se cumpre no traballo das redeiras, tal como se observa nos resultados. Sen embargo, o traballo de redeira non é o único no que se reflexan estas preocupacións, xa que se coñece que na labor dos xardineiros en China tamén se fai mención as mesmas repercusións. Nas consideracións finais propóñense unhas estratexias desde Terapia Ocupacional para xestionar este malestar: deseño ergonómico do asento e pautas para unha boa sedestación, uso de equipo de protección persoal, adaptación de ferramentas de traballo, etc. (70).

As repercusións que se puideron observar das redeiras, ó igual que doutros empregos, deben ser escoitadas, comprendidas e valoradas. Non se pode pasar por alto, dado o número de persoas que viven disto. Para chegar ás persoas é imprescindible o traballo que recae en facerse visibles, xa que algo que non se coñece non pode ser comprendido, nin moito menos valorado por diferentes disciplinas. A consideración desde a disciplina de Terapia Ocupacional, concretamente, vai máis alá da intervención individual, senón que se debe considerar a esta dentro da comunidade, como axente que participa na cidadanía. Este colectivo posúe restricións individuais, sobre todo, físicas, pero tamén colectivas derivadas do espazo

e da propia ocupación compartida, o cal compromete a súa participación na comunidade, así como a saúde e o benestar (71).

Tendo en conta todo o exposto ata o momento, a implicación de Terapia Ocupacional dirixiríase a diferentes niveis, sempre tendo en conta un paradigma social da ocupación, o cal entende a persoa dentro e en relación continua coa comunidade e que vai máis alá do concepto de saúde ou a falta desta debido a unha enfermidade, senón que considera os efectos sociais (72,73). Para acadar isto é imprescindible a visión “holística” da persoa que aporta a disciplina. Esta ten en conta o ser humano non só desde un panorama físico, senón en relación cunha realidade psíquica, social e cultural, unha persoa en relación continua co medio e coas súas ocupacións (74). Polo tanto, a intervención desde Terapia Ocupacional dirixese a un traballo comunitario, cunha adaptación do posto de traballo, unha prevención da enfermidade e unha educación pública. Esta disciplina, sendo a que aporta esta visión ocupacional e “holística”, non é a única nin pode intervir por ela mesma, senón que é imprescindible un traballo interdisciplinar.

En primeiro lugar, utilízase o empoderamento ou fortalecemento, na medida en que elas transformen o seu estado de desigualdade e invisibilidade dentro da sociedade para que sexan escoitadas, respectadas e recoñecidas (75). Polo tanto, considerase importante esta loita pola equidade no traballo fronte ó resto da sociedade. Equidade entre os homes e mulleres que traballan no mesmo sector, pero tamén entre o traballo de redeiras e os demais do sector pesqueiro ante as oportunidades de tipo político. Tense en conta isto porque son dificultades de tipo social que afecta en gran medida á saúde, ó benestar e ó seu desempeño ocupacional (sobre todo a principal ocupación, como é o traballo, pero tamén as demais, seguindo unha cadea de consecuencias).

Este traballo coa comunidade tense tamén en conta na súa acción pola educación en igualdade. É dicir, o aprendizaxe dende pequenos de traballar e vivir en igualdade traerá a unha nova xeración de respecto mutuo

e dignidade. Polo tanto, o/a terapeuta ocupacional, traballando de maneira conxunta con outros profesionais e coas propias redeiras, pode acercarse a poboación máis nova, a través de charlas informativas ou talleres que ofrezan información e formación en igualdade. É unha labor en varias vías: por unha banda é unha forma de visibilización do traballo de redeira, de acercamento á xeracións que as proseguen co obxectivo de que este traballo non se esqueza nin desapareza, pero, por outra banda, de educar en igualdade para que novas xeracións non experimenten estas diferenzas. Da mesma forma, tense en consideración o traballo de forma conxunta con concellos, con outras asociacións ou mesmo con confrarías, coa finalidade de romper fronteiras, eliminar a desvantaxe social, crear alianzas e favorecer o recoñecemento.

Por outra parte tamén é importante o traballo dende a disciplina no que se refire o propio posto de traballo. Este, debido a súa precariedade e a falta de medios que lles facilite a labor, afecta a saúde das mulleres redeiras. Elas traballan de pe ou sentadas en pequenas banquetas ou mesmamente no chan durante horas prolongadas, utilizan as propias mans durante todo o proceso de reparación e confección, cargando con grandes pesos, realizan a labor fora ou dentro de naves, pero sempre suxeitas a estados climatolóxicos ou ambientais que non favorecen a saúde (8). Para cambiar ou mellorar estas condicións sería imprescindible a adaptación do posto de traballo, de forma individual, para que sexa máis ergonómico. Para isto, propóñense produtos de apoio que faciliten a carga de pesos, adaptacións nas agullas ou ferramentas de mango longo que lles facilite o alcance dos materiais que teñan no chan, é dicir, adaptando os materiais que elas utilizan. Así mesmo, sopesase as melloras no ambiente físico do traballo (humidades, iluminación, temperatura...) e a procura de realizar cambios posturais durante a actividade.

Por último, é imprescindible a implicación da disciplina na prevención da enfermidade, do deterioro ou das problemáticas de tipo social, buscando un estado óptimo de saúde e de benestar en todos os ámbitos da vida das persoas. Da mesma forma, considerase a preservación e mantemento do

desempeño ocupacional e os beneficios sociais conseguidos ó longo do tempo. Para alcanzar este benestar considerase a implicación da disciplina en educación para a saúde, é dicir, ofrecer pautas de como realizar comportamentos saudables e ampliar os coñecementos das redeiras sobre conceptos de saúde. Para alcanzar esta comunidade saudable o/a terapeuta ocupacional debe asumir un rol activo, tal como demostran Baum y Law (76).

Todas estas intervencións, sendo dispares nos seus obxectivos poden formar parte de talleres ocupacionais realizados en consenso coas mulleres redeiras. Estes talles céntranse na súa principal ocupación o traballo, pero tamén segue a liña do desempeño ocupacional en xeral e da influencia do entorno. Por exemplo, elas refiren, tal como se expón nos resultados, que unha forma de loita por ser visibles e tamén por diversificar o seu traballo foi a través da realización de produtos de moda ou co reciclaxe. Seguindo esta liña, o/a terapeuta ocupacional pode promover que esta diversificación amplíe fronteiras e implicarse para que, a través disto, elas melloren o seu desempeño ocupacional, acorde con un entorno saudable.

Para concluír, preténdese expoñer unha reflexión do estudado ata o momento. Cos resultados obtidos en torno a cinco categorías (“carga de traballo”, “desigualdades de xénero”, “saúde ocupacional”, “beneficios do asociacionismo” e “equilibrio ocupacional”) realizouse unha comparativa e buscouse documentos científicos que xustificasen ese compromiso ocupacional. Tras todo isto considerase que o traballo, sendo a principal ocupación, permanece comprometido dende fai anos nestas mulleres, xa que continúa coa tradición: unha labor totalmente artesá. Elas mesmas son as que dan a coñecer que non viron cambios ó longo dos anos, que a forma de traballo é a mesma e que o seu recoñecemento pouco mellorou.

Así mesmo, observase que non cumpre cos criterios de traballo digno que favoreza a subsistencia e a saúde das persoas. Non soamente se observa un traballo precario, senón que tamén sofre desigualdade de

xénero, xa que, aínda que é obvio que a labor é representada por mulleres, ante a sociedade é vista como un mundo de homes, ademais das condicións desiguais. Seguindo esta mesma liña, outorgáselle unha gran relevancia ó poder das asociación e da FEGRA, a cal busca a visibilidade e recoñecemento.

A pesar dos poucos avances e da desigualdade de xénero existente elas demostran, así como a bibliografía, que o poder do asociacionismo é imprescindible para crear un cambio na sociedade, é dicir, para crear conciencia e loitar por uns dereitos.

Da mesma forma, todos estas consideracións expostas mostraron que o traballo, a desigualdade e a invisibilidade repercute na saúde ocupacional e no benestar de cada unha delas.

Por todo isto, considerase que o papel de Terapia Ocupacional é importante para enfrontarse a esta inxustiza social e ocupacional, entendo isto como unha desigualdade de recursos e de oportunidade para o desenvolver as súas ocupacións (77). Dende a disciplina preténdese utilizar a vantaxe de FEGRA para promover o empoderamento destas mulleres dentro da sociedade, loitando polos seus dereitos e necesidades como colectivo. Tamén é importante a intervención na prevención e mantemento, citados anteriormente, así como a adaptación do posto de traballo, co fin de conseguir alcanzar os dereitos que elas merecen como cidadás, alcanzando un estado óptimo de saúde e benestar.

5.4. Limitacións do estudo

Para rematar con este estudo é importante ter en consideración unha serie de factores que limitan ou poden limitalo:

- A poboación neste traballo restrinxíuse a unha pequena parte das redeiras que conforman toda esta labor en Galicia. Debido a isto os resultados podería ser levemente modificados e sería interesante coñecer esta perspectiva máis ampla.

- Sería interesante coñecer a visión doutros traballadores do mar sobre a labor das redeiras, o cal permitiría obter resultados desde unha perspectiva externa.
- É un traballo que dificilmente se pode xeneralizar, xa que esta labor é culturalmente significativa e podería variar dependendo da poboación que se estude.

6 AGRADECEMENTOS

Como cita Machado no seu poema: *“Camiñante, non hai camiño, faise camiño ó andar”*. Así foi esta andadura, longa, complexa, pero fermosa e chea de novos aprendizaxes. Nela atopeime con grandes acompañantes que deixaron pegadas que gardarei na miña memoria.

En primeiro lugar, quero agradecer as miñas titoras. A elas que me guiaron o camiño, que confiaron en min e que sempre viron a luz ó final do túnel.

Tamén agradecer a miña nai, por acompañarme nesta longa viaxe e por apoiarme en cada momento. Sen ela, eu non estaría aquí.

Agradecer a elas, as miñas compañeiras no día a día, por estar dende sempre, por axudarme e por confiar en min.

Gracias tamén a todas/os vos, compañeiros/as nestes catro anos, non podería estar máis agradecida de compartir tantas vivencias xuntos. En especial, a elas, que me acompañaron ó carón desta viaxe.

Para finalizar, quero agradecer a esas lobas de mar, as que loitan día a día por ser recoñecidas. Gracias por abrirme as vosas portas e facerme sentir como na casa.

***“Máis aínda seguimos aquí
a aturar tempestades de sal,
resistindo a violencia de mans
desas serpes e cans que nos queren calar”***

María Xosé Silvar (SÉS), 2012

7 BIBLIOGRAFÍA REFERENCIADA

1. Fundación para la Pesca y el Marisqueo. Análisis de la aplicación de la PRL en el sector de la pesca en Galicia : Propuesta De Intervención [proyecto en Internet]. Xunta de Galicia; 2012. [citado 2017 Nov 9] Disponible en: https://fundamar.org/wp-content/uploads/2012/10/ANALISIS_SITUACION_PESCA_PRL_GALICIA.pdf
2. Guisasola Yeregui A, Lorenzo Espeso N, Fernández Fernández I, Rodríguez González H. Guía de vigilancia de la salud en el sector pesquero [Internet]. Osalan. 2011 [citado 2017 Nov 9]. Disponible en: http://www.osalan.euskadi.net/s94-osa0181/es/contenidos/libro/medicina_201110/es_201110/libro.html
3. IGEbase [internet] Galicia: Insituto Galego de Esadística. Buques pesqueiros da Comunidade Autónoma de Galicia. 2018 [revisado 30 de mayo de 2018]; [1 pantalla]. Disponible en: [http://www.ige.eu/igebdt/esqv.jsp?ruta=verTabla.jsp?OP=1&B=1&M=&COD=466&R=0\[2017\];1\[19\]&C=2\[0\]&F=&S=998:12&SCF=](http://www.ige.eu/igebdt/esqv.jsp?ruta=verTabla.jsp?OP=1&B=1&M=&COD=466&R=0[2017];1[19]&C=2[0]&F=&S=998:12&SCF=)
4. IGEbase [Internet]. Galicia: Instituto Galego de Estadística. Buques pesqueiros da Comunidade Autónoma de Galicia. 2018 [revisado 1 de Jun de 2018]. Disponible en: [http://www.ige.eu/igebdt/esqv.jsp?ruta=verTabla.jsp?OP=1&B=1&M=&COD=466&R=0\[2017\];1\[13:20:15:18:0:21:22:5:6:7:8:9:10:23\]&C=2\[0\]&F=&S=998:12&SCF=](http://www.ige.eu/igebdt/esqv.jsp?ruta=verTabla.jsp?OP=1&B=1&M=&COD=466&R=0[2017];1[13:20:15:18:0:21:22:5:6:7:8:9:10:23]&C=2[0]&F=&S=998:12&SCF=)
5. Rial García SM. Trabajo femenino y economía de subsistencia: el ejemplo de la Galicia moderna. Manuscris Rev d'història Mod [Internet]. 2009 [citado 2018 Ene 17]; (27): p.77-99. Disponible en: <https://ddd.uab.cat/pub/manuscris/02132397n27/02132397n27p77.pdf>
6. Giraldez Rivero J. Crecimiento y transformación del sector pesquero gallego (1880 -1936) [Internet]. Madrid: Ministerio de Agricultura,

- Pesca y Alimentación; 1996 [citado 2017 Nov 17]. Disponible en: https://www.researchgate.net/profile/Jesus_Giraldez_Rivero/publication/319422751_Crecimiento_y_transformacion_del_sector_pesquero_gallego_1880-1936/links/59a960500f7e9b279011ff6f/Crecimiento-y-transformacion-del-sector-pesquero-gallego-1880-1936.pdf
7. Lorenzo Espeso N, Gil Fernández M, Santiago Pérez M. Estudio epidemiológico: rederas y perceberos a pie [Internet]. Lorenzo Espeso N, editor. Santiago de Compostela: Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral (ISSGA); 2014. [citado 2017 Nov 8]. Disponible en: http://issga.xunta.gal/export/sites/default/recursos/descargas/documentacion/publicacions/estudio_redeiras_castellano.pdf
 8. Red Española de Mujeres en el Sector Pesquero. Rederas: un oficio desconocido [Internet]. Ministerio de Agricultura, Alimentación y Medio Ambiente; [citado 2017 Nov 7]. Disponible en: http://www.mapama.gob.es/es/pesca/temas/red-mujeres/estudiorederas2012_tcm30-77181.pdf
 9. As redeiras, mulleres invisibles. Sustentabilidade en Fem [Internet]. [citado 2018 May 25]. Disponible en: <http://marenfeminino.campusdomar.gal/wp-content/uploads/2017/11/AS-REDEIRAS.-MULLERES-INVISIBLES-1.pdf>
 10. Decreto 1867/1970, de 9 de julio, por el que se aprueba el Reglamento General de la Ley 116/1969, de 30 de diciembre, por la que se regula el Régimen Especial de la Seguridad Social de los Trabajadores del Mar. BOE [Internet] 1970 Jul 11 [citado 2017 Nov 30]; (313): 30p. Disponible en: <https://www.boe.es/buscar/pdf/1970/BOE-A-1970-748-consolidado.pdf>

11. Ministerio de empleo y seguridad social. Régimen Especial de Trabajadores del Mar [Internet]. 2015 [citado 28 de mayo de 2018]. Disponible en: http://www.seg-social.es/Internet_1/Trabajadores/Afiliacion/RegimenesQuieneslos10548/RegimenEspecialdeTr32840/index.htm
12. Ley 2/2007, de 28 de marzo, del trabajo en igualdad de las mujeres de Galicia. BOE [Internet] 2007 May 18 [citado 2017 Nov 30] p. 21356-77. Disponible en: <https://www.boe.es/boe/dias/2007/05/18/pdfs/A21356-21377.pdf>
13. Federación Galega de Redeiras Artesás «O Peirao». Federación Galega de Redeiras Artesás «O Peirao» [Internet] [citado 2017 Nov 15]. Disponible en: <http://www.redeirasdeg Galicia.org/>
14. Broullón Acuña E. Historia Oral E Identidad En Las Sociedades Pesqueras De Galicia Y Andalucía : Migración , Trabajo Y Género . [Internet]. Tesis Doctoral. Cádiz: Departamento de Historia Moderna, Contemporánea, de América y del Arte; 2007 [citado 2017 Nov 9]. Disponible en: <http://minerva.uca.es/publicaciones/asp/docs/tesis/broullonacunha.pdf>
15. Martínez García P. Democratizando el mar con perspectiva de género . El proceso de profesionalización de las mariscadoras a pie en Galicia. 2017; 54(2): 377-98 [citado 2017 Nov 9]. Disponible en: <http://revistas.ucm.es/index.php/POSO/article/view/52737>
16. Red Española de Mujeres en el Sector Pesquero. Situación de la mujer en el sector pesquero español [Internet]. Ministerio de Agricultura, Alimentación y Medio Ambiente; [citado 2017 Nov 10]. Disponible en: http://www.mapama.gob.es/pesca/pags/RedMujer/ManualesyGuias/Situacion_mujer_sector_pesquero_espanol.pdf
17. Garcia Negro M., Zotes Tarrío YN. El trabajo de las mujeres en el

- sector pesquero Gallego: Analisis de los problemas relacionados con su tratamiento estadístico. Rev Gall Econ [Internet]. 2006 [citado 2018 Feb 2]; 15(1): 1-25. Disponible en: http://www.usc.es/econo/RGE/Vol15_1/castelan/art6c.pdf
18. Red Española de Mujeres en el Sector Pesquero. Plan para la igualdad de género en el sector pesquero y acuícola (2015-2020) [Internet]. Ministerio de Agricultura, Alimentación y Medio Ambiente; 2015. [citado 2017 Nov 9]. Disponible en: http://www.mapama.gob.es/es/pesca/temas/red-mujeres/plan_de_igualdad_pesca.aspx
 19. Cantero Garlito P, Emeric Méaulle D, Zago Martín I, Domínguez Vega E. Ocupaciones De Mujer(Es), Ocupaciones De Hombre(S): La Influencia Del Sexo Sobre La Ocupación Y Sobre La Profesión De La Terapia Ocupacional En España. Rev TOG (A Coruña) [Internet]. 2012 [citado 2017 Nov 29]; 9(5): 96-124. Disponible en: <http://www.revistatog.com/mono/num5/genero.pdf>
 20. Juliano D. El juego de las astucias. Mujer y construcción de modelos sociales alternativos. En: Cuadernos inacabados [Internet]. Madrid: DUODA Revista d'Estudis Feministes; 1992 [citado 2017 dic 11]; p. 241-57. Disponible en: <https://www.raco.cat/index.php/duoda/article/viewFile/60013/89234>
 21. Flores M, Juárez C. Las mujeres y el trabajo: diálogos que denuncian desigualdad de género. La Aljaba [Internet]. 2014 [citado 2018 Ene 25];18:95-113. Disponible en: http://www.scielo.org.ar/scielo.php?script=sci_arttext&pid=S1669-57042014000100005
 22. Santana Martins ML, Gomes Albim R. Perspectivas do trabalho feminino na pesca artesanal : particularidades da comunidade Ilha do Beto , Sergipe , Brasil. Bol Mus Para Emilio Goeldi Cienc Hum [Internet]. 2016 [citado 2017 Nov 26];11(2):379-90. Disponible en:

<http://www.scielo.br/pdf/bgoeldi/v11n2/1981-8122-bgoeldi-11-2-0379.pdf>

23. Kielhofner G. Modelo de Ocupación Humana: teoría y aplicación. En Madrid: Editorial Médica Panamericana; 2011. Capítulo 10: Hacer y llegar a Ser: Cambio y Desarrollo Ocupacional; p. 175.
24. Fernandez Hasa A. Desigualdad de Género. La Segregación de las Mujeres en la Estructura Ocupacional. Rev Estud género La Vent [Internet]. 2007 [citado 2017 nov 15]; 3(25): 140-67. Disponible en: <https://dialnet.unirioja.es/servlet/articulo?codigo=5202211>
25. Gómez Ortiz V. Estrés y salud en mujeres que desempeñan múltiples roles. Av en Psicol Latinoam [Internet]. 2004 [citado 2018 may 31];22:117-28. Disponible en: <http://www.redalyc.org/articulo.oa?id=79902211>
26. WFOT. Definición de Terapia Ocupacional. 2004; [citado 2018 Abr 7]
27. Áviles Álvarez A, Martínez Piédrola R, Matilla Mora R, Máximo Bocanegra N, Méndez Méndez B, Talavera Valverde MA, et al. Marco de Trabajo para la práctica de Terapia Ocupacional: Dominio y Proceso. Rev Gall Ter Ocup [Revista en Internet]. 2010 [citado 2018 may 11];2da edició(2008):85. Disponible en: <http://www.terapia-ocupacional.com/aota2010esp.pdf>
28. Allen Dickie V. Establishing worker identity: A study of people in craft work. Am J Occup Ther [Internet]. 2003 [citado 2018 May 11].;57(3):250-61 Disponible en: <https://pdfs.semanticscholar.org/2e33/a3abab2f51553e7488fa60c2204b7c7d7b80.pdf>
29. James W. Human Occupation and Mental Health Throughout the Life Span. En: Mental health concepts and techniques for the occupational therapy assistant Fifth edition [Internet]. Philadelphia: Wolters Kluwer; 2009 [citado 2018 May 26]; p. 123-43. Disponible en: http://downloads.lww.com/wolterskluwer_vitalstream_com/sample-

content/9780781778398_Early/samples/Early_CH05_123-144.pdf

30. OMS. Carta de Ottawa. 1948; [citado 2018 Abr 7]. Disponible en: <http://www.fmed.uba.ar/depto/toxico1/carta.pdf>
31. OMS. Constitución de la Organización Mundial de la Salud. 45º edición. Documentos básicos [Internet]. 2006;Suplemento [citado 2018 Abr 7]. Disponible en: http://www.who.int/governance/eb/who_constitution_sp.pdf
32. ONU. Declaración Universal de Derechos Humanos. 1948 [citado 2018 May 23]. Disponible en: http://www.un.org/es/documents/udhr/UDHR_booklet_SP_web.pdf
33. Simó Algado S. Terapia Ocupacional, cultura y diversidad. Cad Ter Ocup [Internet]. 2016 [citado 2018 May 23];24(1):163-71. Disponible en: <http://doi.editoracubo.com.br/10.4322/0104-4931.ctoRE0677>
34. Simó Algado S. Una Terapia Ocupacional Desde Un Paradigma Crítico. Rev TOG (A Coruña) [Internet]. 2015 [citado 2018 Jun 1];(Monog.7):25-40. Disponible en: <http://www.revistatog.com/mono/num7/critico.pdf>
35. Pacheco Martínez A, Souto Gómez AI, Talavera Valverde MA, Moruno Miralles P. Análisis de las narrativas sobre desempeño ocupacional de trabajadores en pesca comercial. Brazilian J Occup Ther [Internet]. 2016 [citado 2018 Feb 1];24(1):117-26. Disponible en: <http://www.cadernosdeterapiaocupacional.ufscar.br/index.php/cadernos/article/view/1182>
36. Gacia Lorences N. Exploración dos roles exercidos polas mulleres nun entorno mariñeiro e a súa influencia na percepción de saúde e benestar [Trabajo de fin de grado en Internet]. A Coruña: Universidade da Coruña; 2015 [citado 2018 Feb 1]. Disponible en: http://ruc.udc.es/dspace/bitstream/handle/2183/16783/GarciaLorences_Nuria_TFG_2015.pdf?sequence=2

37. Ventoso González R. Estudo fenomenolóxico na vivencia dunha ocupación : o marisqueo a pé [Traballo de fin de grado en Internet]. A Coruña: Universidade da Coruña]. 2014 [citado 2018 Feb 1]. Disponible en: http://ruc.udc.es/dspace/bitstream/handle/2183/14156/VentosoGonzalez_Rebeca_TFG_2014.pdf?sequence=2&isAllowed=y
38. Fraga Lopez I. As mulleres e o mar: as traballadoras invisibles da costa da morte [Traballo de fin de grado] A Coruña: Universidade da Coruña. 2016.
39. Flick U. Introducción a la investigación cualitativa. En: Morata S.L. Madrid; 2012.
40. Flick U. Introducción a la investigación cualitativa. Madrid: Edición Morata S.L; 2012.
41. Ruiz Olabuénaga J. Metodología de la investigación cualitativa. 5º edición. Bilbao: Universidad de Deusto; 2012.
42. Quintana Peña A. Metodología de Investigación Científica Cualitativa. En: Quintana Peña A, editor. Psicología: Tópicos de actualidad [Internet]. UNMSM; 2006 [citado 2017 Dic 2]; p. 47-84. Disponible en: http://cienciassociales.webcindario.com/PDF/Cualitativa/Inv_quintana.pdf
43. Trejo Martínez F. Fenomenología como método de investigación: Una opción para el profesional de enfermería. Enf Neurol [Internet]. 2012 [citado 2018 Ene 1];11(2):98-101. Disponible en: <http://www.medigraphic.com/enfermerianeurologica>
44. Ley Orgánica 15/1999, de la Protección de Datos de Carácter Personal. BOE [Internet] 1999 Dic 14 [citado 2017 Dic 5] p. 43088-99 Disponible en: <https://www.boe.es/boe/dias/1999/12/14/pdfs/A43088-43099.pdf>
45. Reglamento (UE) 2016/679 del Parlamento Europeo y del Consejo de

- 27 de abril de 2016 relativo a la protección de las personas físicas en lo que respecta al tratamiento de datos personales y a la libre circulación de estos datos y por el que se deroga la Directiva 95/46/CE (Reglamento general de protección de datos. BOE [Internet] 2016 [citado 2018/Jun/9] Disponible en: <https://www.boe.es/doue/2016/119/L00001-00088.pdf>
46. OMS. Rehabilitación basada en la comunidad: guías para la RBC Componente de Salud [Internet]. Ginebra: Ediciones de la OMS; 2012 [citado 2018 May 23]. Disponible en: https://extranet.who.int/iris/restricted/handle/10665/44809%5Cn%5Cthttp://www.who.int/iris/handle/10665/44809%5Cnhttp://apps.who.int/iris/bitstream/10665/44809/3/9789243548050_Salud_spa.pdf
47. OMS. Rehabilitación basada en la comunidad: guías para la RBC. Componente de Subsistencia [Internet]. Ginebra: Ediciones de la OMS; 2012 [citado 2018 May 23]. Disponible en: <https://extranet.who.int/iris/restricted/handle/10665/44809>
48. Pinzón Estrada C, Aponte Valverde MV, Useche Morillo ML. ¿Sexismo en enfermería? Una mirada desde la perspectiva de género a roles feminizados como el cuidado. Prospect Rev Trab Soc e Interv Soc [Internet]. 2017 [citado 2018 May 23];(23):123-46. Disponible en: <http://revistas.univalle.edu.co/index.php/prospectiva/article/view/4590>
49. Guadarrama Olivera R. Los significados del trabajo femenino en el mundo global . Propuesta para un debate desde el campo de la cultura y las identidades laborales. JSTOR:Estudios Sociológicos [Internet]. 2008 [citado 2018 May 25];26(77):321-42. Disponible en: <http://www.flacsoandes.edu.ec/biblio/catalog/resGet.php?resId=16749>
50. Larrañaga Sarriegui M, Echebarría Miguel C. Actividad laboral

- femenina en España e igualdade de oportunidades entre mulleres e homes. Rev del Minist Trab e Inmigr [Internet]. 2004 [citado 2018 May 28];(55):65-82. Disponible en: <https://dialnet.unirioja.es/servlet/articulo?codigo=1243720>
51. Expósito F, Moya MC, Glick P. Sexismo ambivalente: Medición y correlatos. Rev Psicol Soc [Internet]. 1998 [citado 2018 May 23];13(2):159-69. Disponible en: <https://www.uv.es/~friasnav/LecturaCompl1.pdf>
52. del Pino Espejo J, Matud P. Diferencias de género en el tiempo dedicado al ocio: un análisis de la relevancia de las variables sociodemográficas [Proyecto de investigación en Internet] [citado 2018 May 29]. Disponible en: <http://www.fes-sociologia.com/files/congress/10/grupos-trabajo/ponencias/542.pdf>
53. Papí Gálvez N, Frau Linares J. La conciliación del empleo y del hogar: respuesta y reflejo de una organización del trabajo construida desde la institución del género [Internet]. Revista Española de Investigaciones Sociológicas. 2005 . [citado 2018 May 29]. Disponible en: http://www.reis.cis.es/REIS/PDF/REIS_110_081168262715275.pdf
54. OIT. Las mujeres en el trabajo: [Internet]. Ginebra: Organización Internacional del Trabajo; 2016 [citado 2018 May 29]. Disponible en: http://www.ilo.org/wcmsp5/groups/public/---dgreports/---dcomm/---publ/documents/publication/wcms_483214.pdf
55. Puñal S. Origen y evolución de las asociaciones de Mujeres. p.113-29. [citado 2018 May 25]. Disponible en: https://digitum.um.es/xmlui/bitstream/10201/44543/1/Origen_y_evolucion_de_las_Asociaciones_de_Mujeres.pdf
56. Mason R. Building women's social citizenship: A five-point framework to conceptualise the work of women-specific services in rural Australia. Womens Stud Int Forum [Internet]. 2007 [citado 2018 May

- 25];30(4):299-312. Disponible en:
<https://www.sciencedirect.com/science/article/abs/pii/S0277539507000386>
57. Sánchez-Muros Lozano S., Jiménez Rodrigo M. Mujeres rurales y participación social: análisis del asociacionismo femenino en la provincia de Granada (España). Cuad del Desarro Rural [Internet]. 2013 [citado 2018 May 25];10(72):223-42. Disponible en: <http://www.redalyc.org/html/117/11729823010/>
58. del Valle T. Asociacionismo y Redes de Mujeres ¿ Espaciospuente para el cambio ? 2002 [citado 2018 May 22]:131-51. Disponible en: <http://revistas.um.es/hojasdewarmi/article/viewFile/166531/144901>
59. Sipi R. Las asociaciones de mujeres, ¿agentes de integración social? Pap Rev Sociol [Internet]. 2000 [citado 2018 May 22];(60):355-64. Disponible en: <https://dialnet.unirioja.es/servlet/articulo?codigo=45700&orden=24027&info=link%5Cnhttps://dialnet.unirioja.es/servlet/extart?codigo=45700>
60. Aznar H. El debate en torno a la utilidad de los códigos deontológicos del periodismo. Anàlisi Quad Comun i Cult [Internet]. 1997 [citado 2018 May 28];(20):125-44. Disponible en: <http://www.raco.cat/index.php/Analisi/article/view/14921/0>
61. Pérez Vivanco L. Plan de negocio para una asesoría especializada en marketing interno [Trabajo de fin de máster en Internet]. Santander; 2016 [citado 2018 May 30]. Disponible en: https://repositorio.unican.es/xmlui/bitstream/handle/10902/10743/PE_REZVIVANCOLAURA.pdf?sequence=1
62. Ley Orgánica 1/2015, de 30 de marzo, por la que se modifica la Ley Orgánica 10/1995, de 23 de noviembre, del Código Penal. BOE [Internet] 2015 Mar 31 [citado 2018 May 30] (77) p.112. Disponible en: <https://www.boe.es/buscar/pdf/2015/BOE-A-2015-3439->

consolidado.pdf

63. Ley 27/2011, de 1 de agosto, sobre actualización, adecuación y modernización del sistema de Seguridad social. BOE [Internet]. 2011 Oct 5 [citado 2018 May 30]; (240) p. 35. Disponible en: http://www.seg-social.es/Internet_1/Normativa/index.htm?dDocName=150460
64. Ministerio de empleo y seguridad social. Regímenes Especiales [Internet]. [citado 2018 May 28]. Disponible en: http://www.seg-social.es/Internet_1/Trabajadores/PrestacionesPension10935/Jubilacion/RegimenesEspeciales/index.htm
65. Torres Luna P. Contrapuntos en la agricultura de galicia. Investig Geográficas [Internet]. 1993 [citado 2018 Jun 1];(11):23-41. Disponible en: [https://rua.ua.es/dspace/bitstream/10045/511/1/Torres Luna-Contrapuntos en la agricultura.pdf](https://rua.ua.es/dspace/bitstream/10045/511/1/TorresLuna-Contrapuntos%20en%20la%20agricultura.pdf)
66. IGEbase [Internet] Galicia: Instituto Galego de Estadística; 2016. Distribución xeral das terras. Galicia e provincias; 2018 [revisado 2018 Jun 2]; [1 pantalla] Disponible en: [http://www.ige.eu/igebdt/esqv.jsp?paxina=001&c=0301006&ruta=verPpalesResultados.jsp?OP=1&B=1&M=&COD=1488&R=9912\[all\]&C=1\[all\]&F=T\[1:0\]&S=](http://www.ige.eu/igebdt/esqv.jsp?paxina=001&c=0301006&ruta=verPpalesResultados.jsp?OP=1&B=1&M=&COD=1488&R=9912[all]&C=1[all]&F=T[1:0]&S=)
67. IGEbase [Internet] Galicia: Instituto Galego de Estadística. Activos por sexo e ocupación; 2018 [REVISAD 2018 Jun 2]; [1 pantalla]. Disponible en: [http://www.ige.eu/igebdt/esqv.jsp?ruta=verTabla.jsp?OP=1&B=1&M=&COD=6396&R=9912\[12\];2\[7\];0\[2017\]&C=1\[all\]&F=&S=&SCF=](http://www.ige.eu/igebdt/esqv.jsp?ruta=verTabla.jsp?OP=1&B=1&M=&COD=6396&R=9912[12];2[7];0[2017]&C=1[all]&F=&S=&SCF=)
68. Comisión Nacional de Seguridad y Salud en el Trabajo. Guía para la vigilancia de la salud de los trabajadores del sector agrario. J Chem Inf Model [Internet]. 2008 [citado 2018 Jun 2];53(9):1-2. Disponible en:

http://www.ilo.org/wcmsp5/groups/public/@ed_protect/@protrav/@safework/documents/publication/wcms_117460.pdf
http://biblioteca.sp.san.gva.es/biblioteca/publicaciones/MATERIAL/PUBLICACIONES/SER_SL/SISL/HOSTELERIA.PDF
<http://www.insht.es/InshtWeb/Cont>

69. OIT. Actividades normativas de la OIT en el ámbito de la seguridad y la salud en el trabajo: estudio detallado para la discusión con miras a la elaboración de un plan de acción sobre dichas actividades [Internet]. Ginebra: Organización Internacional del Trabajo; 2003 [citado 2018 May 30]. 1-138 p. Disponible en: <http://www.ilo.org/public/spanish/standards/relm/ilc/ilc91/pdf/rep-vi.pdf>
70. Innes E, Crowther A, Fonti F, Quayle L. Women's health at work program: Musculoskeletal pain experienced by women of Chinese background working on market gardens in the sydney basin. Work [Internet] 2010 [citado 2018 May 28];36(2):129-40. Disponible en: <https://www.ncbi.nlm.nih.gov/pubmed/20634608>
71. Fransen H., Kantarzis S., Pollard N., Viana Moldes I. Ciudadanía: explorando la contribución de Terapia Ocupacional [Internet]. 2013 [citado 2018 May 29];4-6. Disponible en: http://www.enothe.eu/activities/meet/ac13/CITIZENSHIP_STATEMENT_SPANISH.pdf
72. Simó-Algado S. Terapia ocupacional eco- social. La ocupación humana frente a la globalización. Rev TOG (A Coruña) [Internet]. 2013 [citado 2018 Jun 3];10(17):1-11. Disponible en: <http://www.revistatog.com/num17/pdfs/ecosocial.pdf>
73. Morrison Jara R. Pragmatismo: antigua epistemología para el actual paradigma social de la ocupación. Rev TOG (A Coruña) [Internet]. 2015 [citado 2018 Jun 3];12(21):1-26. Disponible en: <http://www.revistatog.com/num21/pdfs/colab1.pdf>

74. Rivera Toro C, Simó Algado S. Organización del conocimiento en Terapia Ocupacional: una aproximación al paradigma. En: Polonio López B., Durante Molina P., Noya Arnaiz B. Conceptos fundamentales de Terapia Ocupacional. Madrid: Médica Panamericana.; 2001. p. 49-65.
75. Simó Algado S, Urbanowski R. El modelo canadiense del desempeño ocupacional I. Rev TOG (A Coruña) [Internet]. 2006 [citado 2018 Jun 7];(3):1-27. Disponible en: <http://www.revistatog.com/num3/pdfs/Expertol.pdf>
76. Baum CM, Law M. Occupational Therapy Practice: Focusing on Occupational Performance. Am J Occup Ther [Internet]. 1997 [citado 2018 Jun 7];51(4):277-88. Disponible en: <http://ajot.aota.org/Article.aspx?doi=10.5014/ajot.51.4.277>
77. Simó Algado S, Powell F, Kapanadze. Quijotes en la conquista de la justicia ocupacional. Rev TOG (A Coruña) [Internet]. 2008 [citado 2018 Jun 7];5(1):28. Disponible en: <https://dialnet.unirioja.es/servlet/articulo?codigo=2581192>

8 APÉNDICES

8.1 Apéndice I: Listaxe de abreviaturas

DDHH	Dereitos Humanos
FEP	Fondo Europeo de Pesca
FEGRA	Federación Galega de Redeiras Artesás “O Peirao”
IGE	Instituto Galego de Estatística
ISM	Instituto Social da Mariña
ISSGA	Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral
ODS	Obxectivos do Desenvolvemento Sostible
OIT	Organización Internacional do Traballo
OMS	Organización Mundial da Saúde
ONU	Organización das Nacións Unidas
REM	Réxime Especial de Traballadores do mar
WFOT	Federación Mundial de Terapeutas Ocupacionais

8.2 Apéndice 2

FOLLA DE INFORMACIÓN Ó/Á PARTICIPANTE ADULTO/A

Título do estudo: Perspectiva de xénero no desempeño ocupacional das mulleres redeiras

Investigador: Jéssica Suárez Domínguez

Centro: Facultade de Ciencias da Saúde – Campus de Oza

Este documento ten por obxectivo ofrecerlle información sobre un estudo de investigación no que se lle invita a participar.

Si decide participar no mesmo, debe recibir información personalizada do investigador, ler antes este documento e facer todas as preguntas que precise para comprender os detalles sobre o mesmo. Se así o desexa, pode levar o documento, consultalo con outras persoas e tomar o tempo necesario para decidir si participa ou non.

A participación neste estudo é completamente voluntario. Vostede pode decidir non participar ou, se acepta facelo, cambiar de parecer retirando o consentimento en calquera momento sen dar explicacións.

Cal é o propósito do estudo?

O propósito deste estudo é coñecer á visión que teñen as mulleres do seu rol de redeira e como desenvolven este traballo no seu día a día.

Por que me ofrecen participar a min?

Vostede é invitada á participar por desenvolver dito traballo no seu día a día e por formar parte da Federación Galega de Redeiras Artesás “O peirao”.

En que consiste a miña participación?

A súa participación consiste en responder a unhas preguntas dunha entrevista sobre a súa visión como muller redeira e o desenvolvemento do traballo no seu día a día. Pode existir a posibilidade de retomar o contacto con posterioridade coas participantes por necesidade de aclarar algunha información obtida ou coñecer outra nova.

A duración estimada de cada entrevista é de 30-45 minutos aproximadamente.

Que molestias e impedimentos ten a miña participación?

A súa participación no estudo non supón ningún tivo de molestia ou risco para a persoa.

Obtereirei algún beneficio por participar?

O investigador non recibirá ningunha retribución específica pola realización do estudo. Vostede non será retribuído por participa.

Recibireirei información que se obteña do estudo?

Se vostede o desexa pódesele facilitar un resumo dos resultados do estudo.

Publicaranse os resultados deste estudo?

Os resultados deste estudo serán remitidos a publicacións científicas para a súa difusión, pero non se transmitirá ningún dato que poida levar a identificación dos participantes.

Como se protexerá a confidencialidade dos meus datos?

Garántese a confidencialidade dos seus datos conforme ó disposto pola Ley Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de protección de datos de

carácter persoal. En todo momento vostede poderá acceder ós seus datos, opoñerse, corrixilos ou eliminalos.

Soamente a investigadora, que ten deber de gardar a confidencialidade, terá acceso a todos os datos recollidos do estudo. Os seus datos serán recollido e conservados hasta terminar o estudo de modo codificado.

Existen intereses económicos neste estudo?

O investigador non recibirá ningunha retribución específica pola dedicación ó estudo. Vostede non será retribuído por participa.

Como contactar coa investigadora deste estudo?

Vostede pode contactar con Jéssica Suárez Domínguez no teléfono ***** ou o correo electrónico *****

Moitas grazas pola súa colaboración

8.3 Apéndice 3

DOCUMENTO DE CONSENTIMIENTO PARA A PARTICIPACIÓN NUN ESTUDO DE INVESTIGACIÓN

Título do estudo: Perspectiva de xénero no desempeño ocupacional das mulleres redeiras.

Eu,

.....

- Lin a folla de información ó participante arriba mencionado que se me entregou, puiden conversar con Jéssica Suárez Domínguez e facer todas as preguntas sobre o estudo.
- Comprendo que a miña participación é voluntaria e que podo retirarme do estudo cando queira, sen ter que dar explicación.
- Accedo a que se utilicen os meus datos nas condicións detalladas na folla de información ó participante.
- Presto libremente a miña conformidade para participar neste estudo.

Fdo.: A participante,

Fd.: A investigadora que solicita o consentimento

Nome e apelidos:

Nome e apelidos:

8.4 Apéndice 4

GUIÓN DA ENTREVISTA SOBRE O ESTUDO DE INVESTIGACIÓN

1. Datos de filiación
 - a. Nome e apelidos
 - b. Lugar:
 - c. Idade:
 - d. Anos traballados:
2. Como describiría un día de traballo como redeira? ¿como compatibiliza o seu tempo de traballo?
3. Como evolucionou este traballo? Existiron cambios o longo dos anos?
4. Como fan visible o seu traballo? Considera que a xente coñece o que fan?
5. Como participa o home neste sector?
6. Considera que ese traballo pode repercutir na saúde da persoa?
7. Que outras ocupacións realiza no seu día a día?